CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral

extensión conforme co orixinal, do que dou f.

Data 13 MAI 2011

Funcionario/a


Segunda. - Recursos obxecto da colaboración

A coordinación das redes de centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero, para os efectos do presente Convenio de colaboración, refírese aos centros de emerxencia, casas de acollida e pisos tutelados, de forma que se permita dar cobertura aos distintos niveis de atención que en determinados casos poida necesitar a muller.

Terceira. - Organización do proceso

Para facilitar o proceso de derivación aos centros de acollida entre os Gobernos das Comunidades Autónomas cando as circunstancias do caso o requiran, desenvolverase un protocolo de actuación, tendo en conta os seguintes principios:


- Adoptarase un criterio uniforme para determinar o acceso das mulleres que en calquera das Comunidades Autónomas acredítase a súa condición de ser vítima de violencia de xénero.
- Desenvolverase un sistema de comunicación directa entre os organismos competentes nesta materia das Comunidades asinantes para coñecer as dispoñibilidades de prazas.
- Nos supostos de denegación de acceso aos recursos de acollida, deberánse motivar as causas, xa sexa a ausencia de praza ou que a problemática específica do caso impida o proceso.
- En caso de que exista praza dispoñible, activarase o proceso enviándose, polo Goberno da Comunidade que precise un recurso de acollida fóra do seu territorio, aqueles informes e documentación relativos á solicitante que o Goberno da Comunidade receptora requira para valorar o seu ingreso.
- Cada Comunidade Autónoma, de acordo coa súa normativa interna, tramitará o ingreso baseándose nos principios de celeridade, seguridade e confidencialidade, e comunicándoo a través de medios telemáticos a Comunidade Autónoma de orixe. En supostos de emerxencia deberán resolverse nun prazo de 24 horas.
- A Comunidade Autónoma de acollida encargarse de efectuar as actuacións para a intervención social coa muller e os descendentes, e das que se puidesen resultar dos seus desprazamentos á Comunidade de orixe como consecuencia das xestións derivadas da súa situación, (comparecencia en xulgados, réxime de visitas de menores, etc.).
- Logo da determinación dos criterios sobre asunción de gastos, o custo dos desprazamentos entre a Comunidade de orixe e destino, así como os desprazamentos para comparecencias xudiciais ou do réxime de visitas do





XUNTA DE GALICIA

GOBERNADOR DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral



conforme co orixinal, do que dou fe

13 MAI. 2011

(A) FUNCIONARIO/A

menor no seu caso, e os derivados da estanza será a cargo da Comunidade Autónoma de orixe.

Cuarta. - Salvagarda das competencias autonómicas

O presente Convenio de colaboración asínase coa salvagarda das competencias que cada unha das Comunidades que o asinan ostentan en materia de atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Quinta. - Normativa reguladora do uso e características dos centros de acollida para a muller vítima de violencia de xénero

O uso e características dos centros de acollida para a muller vítima de violencia de xénero rexerase en cada territorio pola normativa ditada pola respectiva Comunidade Autónoma.

Sexta. - Intercambio de información e comunicación

Para lograr a efectiva coordinación das redes de centros de acollida á muller vítima de violencia de xénero das Comunidades asinantes, establecerase un sistema de información e comunicación común pola Comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento establecida na cláusula seguinte.

Con este fin cada unha das Comunidades Autónomas comprométese a adoptar as medidas axeitadas para facilitar ao resto de Comunidades signatarias do Convenio, a información actualizada correspondente aos recursos da súa Administración: modalidades de centros, número de prazas, titularidade ou medios persoais dos servizos que nesta materia se proporcionan polos centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Sétima. - Comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento

No prazo máximo de dous meses dende a comunicación ás Cortes Xerais, constituirase unha Comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento, coa finalidade de dar cumprimento ao presente Convenio, formada por todas as Comunidades Autónomas asinantes a través dos seus representantes na materia.

Esta Comisión sectorial encargarase ademais de establecer o protocolo de actuación, que será aprobado polas partes, que desenvolva as pautas para activar a derivación, o criterio uniforme para determinar o acceso das mulleres que en calquera das Comunidades Autónomas acredítase a súa condición de ser vítima de violencia de xénero e, entre outros, establecer os criterios de asunción de gastos.

Oitava. - Resolución de controversias

La Comisión sectorial resolverá de común acordo as diverxencias que puidesen xurdir na aplicación e execución deste Convenio.

As cuestións litixiosas que puidesen xurdir someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dada a natureza administrativa do presente Convenio.



XUNTA DE GALICIA



SECRETARÍA XERAL
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Conforme co orixinal do que deu

13 MAI. 2011

OLAFERIO MARINHA

Novena. – Prazo de vixencia

Este Convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010 e terá unha duración indefinida.

Décima. - Adhesión doutras Comunidades Autónomas

As Comunidades Autónomas asinantes promoverán as accións necesarias para que o resto de Comunidades Autónomas que o desexen se adhiran ao presente Convenio.

Undécima. - Extinción e modificación do Convenio

O Convenio extinguirase polo común acordo entre as partes ou polo incumprimento das obrigas asumidas neste.

Calquera das Comunidades Autónomas asinantes poderá promover a revisión dalgún dos termos do Convenio. As modificacións deberán incorporarse ao Convenio e subscribirse todas as partes.

Duodécima. - Separación do Convenio de Colaboración

Calquera das Comunidades Autónomas poderá separarse do Convenio logo de comunicación, cunha antelación mínima de dous meses, ás restantes por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción. A separación producirá efectos dende o 1 de xaneiro do ano seguinte.

En caso de separación de calquera das Comunidades asinantes, o Convenio continuará en vigor respecto das restantes Comunidades Autónomas.

E para que conste e en proba de conformidade, asinase o presente Convenio, en oito exemplares no lugar e a data no inicio indicados, para que produza efectos con criterios de reciprocidade con todas as Comunidades Autónomas que, ostentando competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, o subscriban.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 09:30
Nº Rexistro: 65230
Data envío: 26/05/2011 19:49:51.934

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de asegurar a carga de traballo nos estaleiros públicos de Navantia da Ría de Ferrol.

A inquietude sobre o futuro dos estaleiros que Navantia ten na Ría de Ferrol, Ferrol e Fene, vai en aumento a medida que estes centros van rematando a súa carga de traballo e non reciben novos pedidos. A falla de carga de traballo a medio prazo incrementou a preocupación nos estaleiros, tamén nas empresas auxiliares cuxa actividade depende da actividade dos estaleiros, unha preocupante situación que o mesmo Presidente de Navantia recoñeceu publicamente.

Os estaleiros da Ría de Ferrol tan só contan con carga de traballo ata o ano 2012. Actualmente, traballan na finalización da Fragata “Cristóbal Colón”, na última das fragatas contratadas con Noruega, cuxa botadura podería adiantarse ao ano próximo, e na construción das partes dos LHD para Australia.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol pasaron de ser os que menos carga de traballo ten dentro do Grupo Navantia. A factoría de Cádiz ten asegurada a súa actividade ata o ano 2015, a igual que o centro de Cartagena.

A ausencia de actividade futura afecta así mesmo a todas as empresas auxiliares, cuxos traballadores levan tempo alertando sobre as negras perspectivas futuras. Esta situación derivou en importantes mobilizacións dos traballadores dos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 09:30
Nº Rexistro: 65230
Data envío: 26/05/2011 19:49:51.934

estaleiros e as empresas auxiliares en demanda da carga de traballo que garanta a actividade futura. Do contrario, enfrontámonos á perda masiva de empregos nun sector industrial estratéxico como e o naval.

Urxe, polo tanto, a implicación das administracións para que non se cumpran os peores augurios e Ferrol non se vexa obrigado a revivir os durísimos efectos doutra reconversión naval que suporía un ataque frontal á súa economía.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que esta se dirixa ao Goberno do Estado para:

1.- Esixir á SEPI que elabore e impulse un Plan de Traballo para asegurar a carteira de traballo dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol. Dito plan terá entre os seus obxectivos garantir o mantemento dos postos de traballo directos e indirectos en ditos estaleiros.

2.- Contemplan como unha prioridade estratéxica na axenda exterior do Goberno para captar inversión na economía española, a consecución de contratos cos estaleiros da Ría de Ferrol.

3.- Dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno do Estado de contratar a construción nos estaleiros de Navantia da Ría de Ferrol, da VIª fragata F100 para a mariña española.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 09:30
Nº Rexistro: 65230
Data envío: 26/05/2011 19:49:51.934

4.- Negociar non ámbito da Unión Europea a eliminación das limitacións que actualmente pesan sobre os estaleiros de Navantia para poder operar plenamente no campo da construción naval civil e en particular a limitación que pesa sobre o estaleiro de Fene para que poida construír buques.

5.- Promover no ámbito da Unión Europea medidas de carácter temporal que teñan en conta a especificidade do sector naval que contribúan a superar a crise que actualmente padece o sector.

6.- Esixir á SEPI que impulse o centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol, co obxecto de incrementar a carga de traballo no campo da reparación e transformación de buques.

7.- Impulsar a construción dun dique flotante que permita que o centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol poida ofertar tamén a reparación e transformación de grandes buques, encomendando a construción do mesmo ao propios estaleiros de Navantia na Ría de Ferrol.


Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011.

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso

Deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 09:30
Nº Rexistro: 65230
Data envío: 26/05/2011 19:49:51.934

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 26/05/2011 19:48:42

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 26/05/2011 19:48:50



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

A Xunta de Galicia tomou a decisión de eliminar o Seguro Colectivo de Accidentes, para as persoas que desenvolven o seu traballo en calquera das actividades relacionadas coa actividade pesqueira e marisqueira, segundo a propia xustificación da Consellería do Mar “por razóns de interese público, fundamentadas no actual escenario de recortes no gasto público, tanto no presente exercicio 2010 como no seguinte 2011, do que se están a elaborar os seus orzamentos, motivadas pola situación actual de crise económica.

Estes recortes no gasto son consecuencia directa dunha notable baixada dos ingresos da Xunta de Galicia, tanto polo que se refire a fontes de financiamento propias (menos recadación nos tributos propios) como pola moi importante mingua na participación nos ingresos do Estado para o 2011, que xa é de coñecemento da Xunta de Galicia.

Esta situación obriga a seleccionar e priorizar os gastos da dita dirección xeral e da consellaría, non podendo acometerse, por falta de financiamento, determinados gastos que non estean afectados a servizos e investimentos de carácter básico. A renuncia á celebración do contrato suporía un aforro, que na actual situación resulta obrigado, nos orzamentos da dita dirección xeral e da consellaría. Todo isto, sen prexuízo de que unha vez superada a actual situación de crise económica e de recorte no gasto público poida volverse a contratar un seguro colectivo de accidentes no mar para os profesionais do sector pesqueiro”.

A pesar do que a propia Consellaría do Mar expresa por escrito para eliminar este seguro, despois de telo convocado, argumentouse en debates e a través dos medios de comunicación, que o seguro de



Grupo Parlamentario

responsabilidade civil, obrigatorio pola Lei de pesca, cubrirla moito mellor estas continxencias, sen decatarse de que nada ten que ver un seguro obrigatorio, que só cobre danos a terceiros, cun seguro que presta axuda inmediata a persoas e familias que teñen a desgracia de verse afectadas por un accidente no exercicio da súa profesión no mar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por desgracia xa temos algunha experiencia do que a supresión deste Seguro significa para as familias e os colectivos afectados. As mariscadoras a pé carecen de protección; os mariñeiros enrolados en barcos abandeirados en terceiros países ou nas de conveniencia; as persoas que participan nun rescate no mar, etc, etc.

Recentemente asistimos a unha nova desgracia no mar con dous mortos, e as súas familias terán que facer fronte á nova situación, logo dunha experiencia traumática, exclusivamente cos seus propios medios. Ate que se determinen as responsabilidades e de quen é a responsabilidade do accidente, haberá que sortear todo un proceloso camiño burocrático, haberá que decidir se denuncian ao armador (amigo, veciño, familiar), haberá que esperar a que se determine legalmente a morte dun desaparecido, haberá que trasladarse a Mauritania, Senegal, Malvinas ou Madagascar para identificar un cadáver á súa propia conta, haberá que afrontar o labirinto burocrático de repatriar un cadáver dende calquera parte do mundo, etc.

Un seguro, do tipo do eliminado pola Xunta de Galicia no outono de 2010, ten a gran vantaxe de que actúa de xeito inmediato dando resposta ás primeiras e máis perentorias necesidades que teñen as persoas e as familias que tivesen a desgracia de perder un dos seus membros no mar.

Por esa razón o Grupo Parlamentario Socialista presenta para o seu debate e aprobación, se fose o caso, a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a subscribir un Seguro Colectivo de Accidentes para todos os galegos e galegas que desempeñen a súa actividade na pesca, no marisqueo ou en accións de rescate de accidentados no mar.



 Grupo Parlamentario

Este seguro deberá, polo menos, ter as seguintes coberturas:

- Falecemento
- Invalidez parcial, total, absoluta e gran invalidez
- Axudas para escolarización e estudos dos orfos.
- Gastos de traslado de familiares, repatriación e enterro dos falecidos no exterior
- Mesmas garantías para accidentes “en itinere”
- Que os desaparecidos teñan a consideración de falecidos nun período non superior a tres meses.
- Adaptación do fogar no caso de que o accidentado se vise obrigado a utilizar unha cadeira de rodas como consecuencia do accidente.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P.dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 10:53:57

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 10:54:01

..... **José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 10:54:13**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 10:54:17

..... **Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/05/2011 10:54:23**



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas e Pablo Xabier López Vidal**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** co obxecto de que a Xunta de Galicia faga o pago das expropiacións dos terreos utilizados para a construción do tramo do corredor Martelo - Noia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Hai máis dun ano que os veciños e veciñas de Noia e Lousame están agardando para recibir as indemnizacións correspondentes ás expropiacións forzosas dos terreos polos que discorre o corredor que une Santiago de Compostela con Noia.

A maior parte dos pagos destas expropiacións están sen realizarse, levando unha demora significativa que está causando preocupación entre os veciños afectados.

A austeridade non pode confundirse co incumprimento das obrigas legais que ten contraído o Goberno galego, e que poden traer consigo o pago de cuantiosos intereses a conta das arcas autonómicas no caso de non efectuar os pagos seguindo o mercado na lei.

Cabe recordar que o Sr. presidente da Xunta de Galicia ten presumido ao longo dos últimos meses de efectuar os pagos a provedores en menos de 45 días, polo que non estaría de máis que as palabras foran acompañadas de feitos, como no caso das expropiacións pendentes de pagar en Noia e Lousame.

Os veciños afectados demandan maior axilidade por parte da Administración autonómica e os pagos pendentes, e os socialistas galegos facémonos eco das súas demandas ao mesmo tempo que lle pedimos ao Goberno galego unha rápida solución a este problema que se arrastra dende fai xa máis de doce meses.



Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a proceder, nun prazo non superior a 60 días, a efectuar o pago completo de todas as expropiacións de terreos acometidas co obxecto da construción do corredor Brión – Martelo - Noia.

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 13:00:49

Pablo Xabier López Vidal na data 30/05/2011 13:00:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/05/2011 13:01:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2011 18:01
Nº Rexistro: 65305
Data envío: 30/05/2011 18:01:05.986

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos:

Galiza conta con dous conservatorios superiores de música. A importancia de contar cun ensino musical de calidade está fora de calquera debate, non obstante como se realiza este desideratum si é materia de enfoque. Neste momento existe a posibilidade de que o futuro decreto de Ensinanzas Artísticas Superiores de Grao en Música deixe fora a especialidade de Dirección de Orquestra. Esta decisión implicaría que os galegos e as galegas teñan que cursalo en Murcia, Málaga, Valencia, Salamanca, País Vasco, Cataluña, Aragón ou Madrid, territorios que si contan coa especialidade.

A importante tradición musical de Galiza e o feito de que contemos con máis de cen agrupacións bandísticas e numerosos coros fan incomprensíbel a ausencia desta formación especializada de grao, ao mesmo tempo que se lle nega a formación que hoxe precisa e solicita numeroso alumnado galego.

Asemade, cómpre sinalar que o 28 de abril de 2011 o Consello Escolar de Galiza aprobou o ditame do decreto polo que se establecen as Ensinanzas Superiores de Grao en Música, no que se recolle a proposta de crear a especialidade de Dirección de Orquestra nos conservatorios superiores de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/05/2011 18:01

Nº Rexistro: 65305

Data envío: 30/05/2011 18:01:05.986

Por isto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a incorporar no Decreto de Ensinanzas Artísticas Superiores de Grao en Música a especialidade de Dirección de Orquestra".

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 30/05/2011 17:58:25

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/05/2011 17:58:32

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Antonio Rodríguez Miranda, Agustín Baamonde Díaz, Paula Prado del Río, Alejandro Gómez Alonso, Pablo Cobián Fernández-de la Puente, Miguel A. Santalices Vieira, María Seoane Romero, Javier Escribano Rodríguez, e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei en Pleno** polo procedemento de **Urxencia**.

Xustificación da Urxencia

O Parlamento debe pronunciarse novamente e o mais pronto posible para reiterar a posición de Galicia respecto da asunción de novas competencias.

Exposición de Motivos

O Estatuto de Autonomía para Galicia – Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril- aprobado en referendo do corpo electoral o día 21 de decembro de 1980, contén no seu Título Preliminar o Artigo 1º.1, que sinala: “Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica”.

Dende a súa aprobación, as institucións galegas teñen traballado no fortalecemento do teito competencial da Comunidade Autónoma, incrementando o seu autogoberno, de acordo co devandito Artigo.

O proceso de transferencias de competencias en favor de Galicia permanece estancado dende febreiro de 2010, data na que se celebrou a última Comisión Bilateral de Cooperación. Dende aquela, o Goberno do Estado semella entorpecer os lexítimos esforzos do Goberno galego para incrementar o umbral do seu autogoberno, dificultando claramente o traspaso de novas transferencias, mesmo das xa comprometidas.

Na práctica, as actuacións do Goberno Central contrastan claramente coas declaracións realizadas publicamente.

Así, o pasado mes de setembro de 2010, o propio Presidente do Goberno do Estado manifestou no Senado a súa disposición a reabrir e consolidar resultados na ampliación do teito competencial de Galicia. En concreto, sinalou que se estaban discutindo novos traspasos e que podía haber un rápido avance para culminalos.

Pola súa banda, o Ministro de Política Territorial ven de manifestar, no decurso dunha intervención no Senado realizada o pasado 24 de maio, que o Goberno do Estado apoia plenamente a asunción por Galicia de novas competencias, que non existe ningún trato diferencial á Comunidade de Galicia nin discriminacións con respecto a outras Comunidades Autónomas, e que existe plena dispoñibilidade para proceder á convocatoria dunha nova Comisión Bilateral de Cooperación.

Á vista destas manifestacións, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei, para debater en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que tendo en conta que a Comunidade Autónoma de Galicia ten dereito a seguir avanzando no seu autogoberno no marco do actual Estatuto de Autonomía e da Constitución Española:

- 1.- Reclame do Goberno do Estado unha actitude positiva de colaboración institucional para seguir avanzando no proceso de transferencias á nosa Comunidade Autónoma, reiterando os pronunciamentos xa feitos por este Parlamento de petición de novas competencias para Galicia.
- 2.- Reitere novamente diante do Goberno Central a solicitude de convocatoria inmediata da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de reactivar os trámites pertinentes para facer efectivos os traspasos a Galicia das competencias demandadas polas Institucións Autonómicas”.

Santiago de Compostela, 3 de Xuño de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2011 17:29:32

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/06/2011 17:29:47

Agustin Baamonde Díaz na data 03/06/2011 17:29:56

Paula Prado del Rio na data 03/06/2011 17:30:05

Alejandro Gomez Alonso na data 03/06/2011 17:30:16

Pablo Cobián Fernandez de la Puente na data 03/06/2011 17:30:25

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 03/06/2011 17:30:49

María Seoane Romero na data 03/06/2011 17:30:56

Javier Escribano Rodríguez na data 03/06/2011 17:31:10

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/06/2011 17:31:21

Marta Rodríguez Arias na data 03/06/2011 17:31:58



Román Rodríguez González na data 03/06/2011 17:32:05

Pedro Manuel Arias Vieira na data 03/06/2011 17:32:20

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 03/06/2011 17:32:32

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 03/06/2011 17:32:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada M^a José Caride Estevéz, dos deputados **José Manuel Lage Tuñas, Guillermo Meijón Couselo, Juan Carlos Francisco Rivera** e da deputada **Sonia Verdes Gil**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas**.

Exposición de motivos

Altos cargos do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) entre os que se conta a o seu director xeral, foron detidos o pasado día 24 de maio, no marco dunha operación ordenada polo Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo, por supostos delitos de branqueo de capitais, alzamento de bens, fraude fiscal e falsidade documental, en relación a diversas axudas concedidas por dito organismo público dependente da Xunta de Galicia.

A investigación posta en marcha parece poñer seriamente en dúbida os controis públicos que deben existir para outorgar esta clase de axudas dende a administración autonómica, á vez que transmite unha situación de inseguridade nun momento na que a confianza empresarial resulta un factor estratéxico. Máis cando o IGAPE configúrase como unha Axencia de desenvolvemento que conta entre as súas funcións a de atraer investimentos foráneos á nosa Comunidade.

Revisar a labor realizada por dito organismo nos últimos tempos e reforzar as actuacións para acadar un información máis veraz, á vez que detectar posibles deficiencias para lograr unha entidade de cun maior prestixio e eficiencia, constitúen uns obxectivos a acadar diante da alarma provocada. Á vez que, no seu caso, dilucidar ou comprobar a esixencia de responsabilidades contables ou administrativas, ademais e independentemente das posibles responsabilidades políticas que puideran existir.

Neste marco de actuacións, ao Consello de Contas de Galicia lle corresponde a fiscalización dos organismos do sector público galego, así



Grupo Parlamentario

como das subvencións, axudas e avais concedidos polos mesmos. E se no exercicio de tal labor, se advertise indicios de responsabilidade, deberá dar traslado das correspondentes actuacións para que se efectúe o correspondente enxuciamiento.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas de Galicia a fiscalizar as actuacións realizadas polo Instituto Galego de Promoción Económica, ou as empresas participadas de XesGalicia e Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A., durante o exercicio de 2010 e ata a actualidade.”

Pazo do Parlamento, 26 de maio de 2011

Asdo.: M.^a Jose Caride Estevez
José Manuel Lage Tuñas
Guillermo Meijón Couselo
Juan Carlos Francisco Rivera
Sonia Verdes Gil
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 26/05/2011 19:24:35

José Manuel Lage Tuñas na data 26/05/2011 19:24:44

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 26/05/2011 19:24:54

Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/05/2011 19:25:09

Sonia Verdes Gil na data 26/05/2011 19:25:24



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/05/2011 19:25:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 10:13
Nº Rexistro: 65237
Data envío: 27/05/2011 10:13:29.868

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de asegurar a carga de traballo nos estaleiros públicos de Navantia da Ría de Ferrol.

A inquietude sobre o futuro dos estaleiros que Navantia ten na Ría de Ferrol, Ferrol e Fene, vai en aumento a medida que estes centros van rematando a súa carga de traballo e non reciben novos pedidos. A falla de carga de traballo a medio prazo incrementou a preocupación nos estaleiros, tamén nas empresas auxiliares cuxa actividade depende da actividade dos estaleiros, unha preocupante situación que o mesmo Presidente de Navantia recoñeceu publicamente.

Os estaleiros da Ría de Ferrol tan só contan con carga de traballo ata o ano 2012. Actualmente, traballan na finalización da Fragata “Cristóbal Colón”, na última das fragatas contratadas con Noruega, cuxa botadura podería adiantarse ao ano próximo, e na construción das partes dos LHD para Australia.

De feito, os estaleiros da Ría de Ferrol pasaron de ser os que menos carga de traballo ten dentro do Grupo Navantia. A factoría de Cádiz ten asegurada a súa actividade ata o ano 2015, a igual que o centro de Cartagena.

A ausencia de actividade futura afecta así mesmo a todas as empresas auxiliares, cuxos traballadores levan tempo alertando sobre as negras perspectivas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 10:13
Nº Rexistro: 65237
Data envío: 27/05/2011 10:13:29.868

futuras. Esta situación derivou en importantes mobilizacións dos traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares en demanda da carga de traballo que garanta a actividade futura. Do contrario, enfrontámonos á perda masiva de empregos nun sector industrial estratéxico como é o naval.

Urxe, polo tanto, a implicación das administracións para que non se cumpran os peores augurios e Ferrol non se vexa obrigado a revivir os durísimos efectos doutra reconversión naval que suporía un ataque frontal á súa economía.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que esta se dirixa ao Goberno do Estado para:

1.- Esixir á SEPI que elabore e impulse un Plan de Traballo para asegurar a carteira de traballo dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol. Dito plan terá entre os seus obxectivos garantir o mantemento dos postos de traballo directos e indirectos en ditos estaleiros.

2.- Contemplan como unha prioridade estratéxica na axenda exterior do Goberno para captar inversión na economía española, a consecución de contratos cos estaleiros da Ría de Ferrol.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 10:13
Nº Rexistro: 65237
Data envío: 27/05/2011 10:13:29.868

3.- Dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno do Estado de contratar a construción nos estaleiros de Navantia da Ría de Ferrol, da VIª fragata F100 para a mariña española.

4.- Negociar no ámbito da Unión Europea a eliminación das limitacións que actualmente pesan sobre os estaleiros de Navantia para poder operar plenamente no campo da construción naval civil e en particular a limitación que pesa sobre o estaleiro de Fene para que poida construír buques.

5.- Promover no ámbito da Unión Europea medidas de carácter temporal que teñan en conta a especificidade do sector naval que contribúan a superar a crise que actualmente padece o sector.


6.- Esixir á SEPI que impulse o centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol, co obxecto de incrementar a carga de traballo no campo da reparación e transformación de buques.

7.- Impulsar a construción dun dique flotante que permita que o centro de reparacións de Navantia na Ría de Ferrol poida ofertar tamén a reparación e transformación de grandes buques, encomendando a construción do mesmo aos propios estaleiros de Navantia na Ría de Ferrol.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011.

Asdo.: Henrique Viéitez Alonso

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 10:13
Nº Rexistro: 65237
Data envío: 27/05/2011 10:13:29.868

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 27/05/2011 10:12:17

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/05/2011 10:12:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2011 10:09
Nº Rexistro: 65264
Data envío: 30/05/2011 10:09:37.321

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionlaista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á posta en marcha dun Plan Galego para a conservación e posta en valor do Patrimonio Románico.

Galiza conta no seu territorio cun importante e valioso patrimonio construído ao longo dos séculos. Unha das épocas que maior pegada deixou no noso territorio é o románico. Un estilo que os galegos e galegas singularizaron, aportando características propias que poden observarse ao longo da nosa xeografía.

Porén, este importante valor patrimonial non está o suficientemente protexido e conservado. Son moitas as xoias do noso patrimonio románico que se atopan nun estado de conservación deficiente. Recentemente unha asociación en defensa do Patrimonio Románico alertábanos dos problemas importantes de deterioro en moitos bens. Concretamente fálase de problemas estruturais, que van desde o deterioro grave, mesmo con derrubamentos, até os espolios dunha parte do mesmo.

A Xunta de Galiza debe actuar fronte este tipo de situacións. A lei de patrimonio dota ao Goberno de obrigas para preservar o noso patrimonio e de ferramentas para poder facelo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2011 10:09
Nº Rexistro: 65264
Data envío: 30/05/2011 10:09:37.321

Consideramos que a Xunta de Galiza debe ter un plan a medio prazo para a conservación deste rico e importante patrimonio, avaliando a situación do mesmo e deseñando actuacións de divulgación e difusión deste.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei en comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a aprobar e desenvolver, antes de que remate o actual período de sesións, un Plan Galego para a conservación e posta en valor do Patrimonio Románico, que permita realizar unha avaliación sobre a situación do noso patrimonio medieval e programar as actuacións precisas para a súa conservación, recuperación e difusión.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/05/2011 10:08:08



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión**.

A Xunta de Galicia tomou a decisión de eliminar o Seguro Colectivo de Accidentes, para as persoas que desenvolven o seu traballo en calquera das actividades relacionadas coa actividade pesqueira e marisqueira, segundo a propia xustificación da Consellería do Mar “por razóns de interese público, fundamentadas no actual escenario de recortes no gasto público, tanto no presente exercicio 2010 como no seguinte 2011, do que se están a elaborar os seus orzamentos, motivadas pola situación actual de crise económica.

Estes recortes no gasto son consecuencia directa dunha notable baixada dos ingresos da Xunta de Galicia, tanto polo que se refire a fontes de financiamento propias (menos recadación nos tributos propios) como pola moi importante mingua na participación nos ingresos do Estado para o 2011, que xa é de coñecemento da Xunta de Galicia.

Esta situación obriga a seleccionar e priorizar os gastos da dita dirección xeral e da consellaría, non podendo acometerse, por falta de financiamento, determinados gastos que non estean afectados a servizos e investimentos de carácter básico. A renuncia á celebración do contrato suporía un aforro, que na actual situación resulta obrigado, nos orzamentos da dita dirección xeral e da consellaría. Todo isto, sen prexuízo de que unha vez superada a actual situación de crise económica e de recorte no gasto público poida volverse a contratar un seguro colectivo de accidentes no mar para os profesionais do sector pesqueiro”

A pesar do que a propia Consellaría do Mar expresa por escrito para eliminar este seguro, despois de telo convocado, argumentouse en debates e a través dos medios de comunicación, que o seguro de



Grupo Parlamentario

responsabilidade civil, obrigatorio pola Lei de pesca, cubrirla moito mellor estas continxencias, sen decatarse de que nada ten que ver un seguro obrigatorio, que só cobre danos a terceiros, cun seguro que presta axuda inmediata a persoas e familias que teñen a desgracia de verse afectadas por un accidente no exercicio da súa profesión no mar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por desgracia xa temos algunha experiencia do que a supresión deste Seguro significa para as familias e os colectivos afectados. As mariscadoras a pé carecen de protección; os mariñeiros enrolados en barcos abandeados en terceiros países ou nas de conveniencia; as persoas que participan nun rescate no mar, etc, etc.

Recentemente asistimos a unha nova desgracia no mar con dous mortos, e as súas familias terán que facer fronte á nova situación, logo dunha experiencia traumática, exclusivamente cos seus propios medios. Ate que se determinen as responsabilidades e de quen é a responsabilidade do accidente, haberá que sortear todo un proceloso camiño burocrático, haberá que decidir se denuncian ao armador (amigo, veciño, familiar), haberá que esperar a que se determine legalmente a morte dun desaparecido, haberá que trasladarse a Mauritania, Senegal, Malvinas ou Madagascar para identificar un cadáver á súa propia conta, haberá que afrontar o labirinto burocrático de repatriar un cadáver dende calquera parte do mundo, etc.

Un seguro, do tipo do eliminado pola Xunta de Galicia no outono de 2010, ten a gran vantaxe de que actúa de xeito inmediato dando resposta ás primeiras e máis perentorias necesidades que teñen as persoas e as familias que tivesen a desgracia de perder un dos seus membros no mar.

Por esa razón o Grupo Parlamentario Socialista presenta para o seu debate e aprobación, se fose o caso, a seguinte proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a subscribir un Seguro Colectivo de Accidentes para todos os galegos e galegas que desempeñen a súa actividade na pesca, no marisqueo ou en accións de rescate de accidentados no mar.



 Grupo Parlamentario

Este seguro deberá, polo menos, ter as seguintes coberturas:

- Falecemento
- Invalidez parcial, total, absoluta e gran invalidez
- Axudas para escolarización e estudos dos orfos.
- Gastos de traslado de familiares, repatriación e enterro dos falecidos no exterior
- Mesmas garantías para accidentes “en itinere”
- Que os desaparecidos teñan a consideración de falecidos nun período non superior a tres meses.
- Adaptación do fogar no caso de que o accidentado se vise obrigado a utilizar unha cadeira de rodas como consecuencia do accidente.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P.dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 10:55:16

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 10:55:20

..... **José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 10:55:31**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 10:55:34

..... **Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/05/2011 10:55:38**



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas e Pablo Xabier López Vidal**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión** co obxecto de que a Xunta de Galicia faga o pago das expropiacións dos terreos utilizados para a construción do tramo do corredor Martelo - Noia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Hai máis dun ano que os veciños e veciñas de Noia e Lousame están agardando para recibir as indemnizacións correspondentes ás expropiacións forzosas dos terreos polos que discorre o corredor que une Santiago de Compostela con Noia.

A maior parte dos pagos destas expropiacións están sen realizarse, levando unha demora significativa que está causando preocupación entre os veciños afectados.

A austeridade non pode confundirse co incumprimento das obrigas legais que ten contraído o Goberno galego, e que poden traer consigo o pago de cuantiosos intereses a conta das arcas autonómicas no caso de non efectuar os pagos seguindo o mercado na lei.

Cabe recordar que o Sr. presidente da Xunta de Galicia ten presumido ao longo dos últimos meses de efectuar os pagos a provedores en menos de 45 días, polo que non estaría de máis que as palabras foran acompañadas de feitos, como no caso das expropiacións pendentes de pagar en Noia e Lousame.

Os veciños afectados demandan maior axilidade por parte da Administración autonómica e os pagos pendentes, e os socialistas galegos facémonos eco das súas demandas ao mesmo tempo que lle pedimos ao Goberno galego unha rápida solución a este problema que se arrastra dende fai xa máis de doce meses.



 Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a proceder, nun prazo non superior a 60 días, a efectuar o pago completo de todas as expropiacións de terreos acometidas co obxecto da construción do corredor Brión – Martelo - Noia.

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 13:01:20

Pablo Xabier López Vidal na data 30/05/2011 13:01:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/05/2011 13:01:31

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e á iniciativa da deputada María Seoane Romero, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

A reivindicación do acondicionamento e mellora do acceso a Padrón dende Cesures é unha vella aspiración das persoas que viven na Ponte e dos padroneses e padronesas. Este tramo de estrada nin sequera ten beiravía para os peóns. Moitas edificacións das marxes da estrada (expropiadas xa todas elas), están en ruínas e invadidas pola maleza, o que representa un verdadeiro perigo para o tránsito.

Os novos edificios construídos na travesía Padrón-A Ponte teñen unha lameira por acceso. E o que é máis importante, non poden entrar ou saír das súas vivendas salvo pola mesma entrada que non só carece de beirarrúas senón mesmo de beiravía, o que implica un grave risco para a súa seguridade. Os veciños residentes nestes inmobles levan demandando solucións ante o Concello e Fomento sen que ata o de agora ninguén lle dera unha resposta que satisfaga as súas reivindicacións.

Dende o Grupo Parlamentario Popular facémonos eco das reivindicacións dos veciños de A Ponte que teñen recollido preto de 1000 sinaturas en Padrón, para esixir ao Ministerio de Fomento o arranxo da travesía Padrón-A Ponte.

Por todo o exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Fomento do Goberno de España para que este inicie de inmediato as obras de acondicionamento na N-550 ao seu paso pola Travesía Padrón-A Ponte.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2011.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/05/2011 14:05:04

María Seoane Romero na data 30/05/2011 14:05:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2011 18:00
Nº Rexistro: 65304
Data envío: 30/05/2011 18:00:35.127

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos:

Galiza conta con dous conservatorios superiores de música. A importancia de contar cun ensino musical de calidade está fora de calquera debate, non obstante como se realiza este desideratum si é materia de enfoque. Neste momento existe a posibilidade de que o futuro decreto de Ensinanzas Artísticas Superiores de Grao en Música deixe fora a especialidade de Dirección de Orquestra. Esta decisión implicaría que os galegos e as galegas teñan que cursalo en Murcia, Málaga, Valencia, Salamanca, País Vasco, Cataluña, Aragón ou Madrid, territorios que si contan coa especialidade.

A importante tradición musical de Galiza e o feito de que contemos con máis de cen agrupacións bandísticas e numerosos coros fan incomprensíbel a ausencia desta formación especializada de grao, ao mesmo tempo que se lle nega a formación que hoxe precisa e solicita numeroso alumnado galego.

Asemade, cómpre sinalar que o 28 de abril de 2011 o Consello Escolar de Galiza aprobou o ditame do decreto polo que se establecen as Ensinanzas Superiores de Grao en Música, no que se recolle a proposta de crear a especialidade de Dirección de Orquestra nos conservatorios superiores de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2011 18:00
Nº Rexistro: 65304
Data envío: 30/05/2011 18:00:35.127

Por isto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a incorporar no Decreto de Ensinanzas Artísticas Superiores de Grao en Música a especialidade de Dirección de Orquestra".

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 30/05/2011 17:59:38

Ana Belén Pontón Mondelo na data 30/05/2011 17:59:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65323
Data envío: 31/05/2011 14:05:01.528

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á adopción de medidas para impedir o acceso ás persoas menores de 12 anos a espectáculos taurinos en recintos pechados.

Teñen aparecido nos últimos tempos varios estudos sobre o impacto nas persoas menores no visionado e asistencia a eventos taurinos, como as touradas, nas que se lle da morte aos bóvidos co obxectivo de ensalzar, din, un “festexo”.

Nun destes estudos, expertos da Universidade da Coruña e do Departamento de Psicolóxica Clínica da Universidade Complutense de Madrid estudaron o comportamento de 808 nenas e nenos, a súa meirande parte da Coruña, a través do visionado de diferentes mostras de violencia cara os animais durante unha tourada, observando nestas persoas niveis máis elevados de ansiedade que as persoas que non contemplaron as imaxes, determinando que as touradas tiñan un impacto emocional negativo evidente.

Outros documentos, como os presentados polo psicólogo clínico Jöel Lequesne e o psiquiatra JP Richier sob os títulos “Proces de la corrida: le point de vue d’un psychologue de l’éducation” e “Does bullfighting represent a psychological danger for young spectators?” evidencian que nas persoas menores de 12 anos as touradas supoñen un impacto socioemocional negativo, e poden banalizar o maltrato e violencia cara os animais ao presentárselle o espectáculo taurino como unha mera



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65323
Data envío: 31/05/2011 14:05:01.528

festa ou un simple divertimento, minimizando os efectos desta actividade sobre os seres vivos que alí son sacrificados.

Esta situación xa levou a comunidades como Catalunya e as Illes Balears, e estados como Ecuador, a limitar o acceso das persoas menores a espectáculos taurinos nas prazas, tanto estábeis como desmontábeis.

Con independencia do debate sobre a pervivencia das touradas na Galiza, a sociedade galega non é indiferente á protección das persoas menores dos potenciais riscos para a súa saúde mental e o seu correcto desenvolvemento psicolóxico, sendo preciso impedir a entrada de persoas menores de 12 anos a este tipo de actividades, de xeito consecuente cos estudos e opinións de diferentes expertos en psicoloxía e psiquiatría.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar as medidas legais e normativas precisas para impedir o acceso ás persoas menores de 12 anos a espectáculos taurinos en recintos pechados.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Isabel Sánchez Montenegro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65323
Data envío: 31/05/2011 14:05:01.528

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/05/2011 14:03:58

Isabel Sánchez Montenegro na data 31/05/2011 14:04:04

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Antonio Rodríguez Miranda, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Agustín Baamonde Díaz, María Seoane Romero e Alejandro Gómez Alonso**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión** polo procedemento de **Urxencia**.

Xustificación da Urgencia

Pedir ao Goberno Galego que tome coa máxima rapidez medidas tendentes a mellorar a eficiencia dos servizos públicos.

Exposición de Motivos

A Administración Pública debe empregar en todo momento as técnicas mais avanzadas para cumprir co mandato constitucional previsto no artigo 103 de actuar baixo o principio de eficacia e atender os intereses xerais.

Sen dúbida a Administración actual como responsable xestora dos asuntos públicos nunca sociedade que está metida de cheo na intelixencia artificial, non pode ser allea a tal realidade, nin deixar de empregar as ferramentas que lle van a permitir simplificar as súas relacións cos cidadáns e o mesmo tempo mellorar reciprocamente a súa eficacia.

Deste xeito a Administración Autonómica debe ser a que marque camiño e axude a camiñar nel as Administracións Locais Galegas, sempre mais limitadas, sexa por capacidade técnica ou económica, pero que non se poden permitir quedar a marxe deste avance, que podería provocar desigualdade entre cidadáns.

É polo que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a desenvolver en 2011, dentro do marco do Plan de racionalización e modernización da Administración pública, *todas as actuacións necesarias para a implantación dun novo modelo de organización e funcionamento dos rexistros da Xunta de Galicia fomentando a utilización de medios electrónicos e coordinando procedementos, plataformas e redes de comunicación xestionadas tanto pola Administración Autonómica como pola Administración Local, de xeito que se posibilite a interacción entre todas elas co obxectivo de simplificar o acceso á Administración e de mellorar así o sistema de información e atención aos cidadáns*”.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2011 17:27:29

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/06/2011 17:27:40

Paula Prado del Rio na data 03/06/2011 17:27:48

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/06/2011 17:27:57

Agustin Baamonde Díaz na data 03/06/2011 17:28:05

María Seoane Romero na data 03/06/2011 17:28:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2011 17:41
Nº Rexistro: 65626
Data envío: 03/06/2011 17:41:44.631

Alejandro Gomez Alonso na data 03/06/2011 17:28:21

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 531 510
F. 981 531 472
grupos@parlamentodegalicia.es
www.pdg.galicia.es

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Antonio Rodríguez Miranda, Agustín Baamonde Díaz, Paula Prado del Río, Alejandro Gómez Alonso, Pablo Cobián Fernández-de la Puente, Miguel A. Santalices Vieira, María Seoane Romero, Javier Escribano Rodríguez, e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei** para debater na **Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**, polo procedemento de **Urxencia**.

Xustificación da Urgencia

O Parlamento debe pronunciarse novamente e o mais pronto posible para reiterar a posición de Galicia respecto da asunción de novas competencias.

Exposición de Motivos

O Estatuto de Autonomía para Galicia – Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril- aprobado en referendo do corpo electoral o día 21 de decembro de 1980, contén no seu Título Preliminar o Artigo 1º.1, que sinala: “Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica”.

Dende a súa aprobación, as institucións galegas teñen traballado no fortalecemento do teito competencial da Comunidade Autónoma, incrementando o seu autogoberno, de acordo co devandito Artigo.

O proceso de transferencias de competencias en favor de Galicia permanece estancado dende febreiro de 2010, data na que se celebrou a última Comisión Bilateral de Cooperación. Dende aquela, o Goberno do Estado semella entorpecer os lexítimos esforzos do Goberno galego para incrementar o umbral do seu autogoberno, dificultando claramente o traspaso de novas transferencias, mesmo das xa comprometidas.

Na práctica, as actuacións do Goberno Central contrastan claramente coas declaracións realizadas publicamente.

Así, o pasado mes de setembro de 2010, o propio Presidente do Goberno do Estado manifestou no Senado a súa disposición a reabrir e consolidar resultados na ampliación do teito competencial de Galicia. En concreto, sinalou que se estaban discutindo novos traspasos e que podía haber un rápido avance para culminalos.

Pola súa banda, o Ministro de Política Territorial ven de manifestar, no decurso dunha intervención no Senado realizada o pasado 24 de maio, que o Goberno do Estado apoia plenamente a asunción por Galicia de novas competencias, que non existe ningún trato diferencial á Comunidade de Galicia nin discriminacións con respecto a outras Comunidades Autónomas, e que existe plena dispoñibilidade para proceder á convocatoria dunha nova Comisión Bilateral de Cooperación.

Á vista destas manifestacións, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, tendo en conta que a Comunidade Autónoma de Galicia ten dereito a seguir avanzando no seu autogoberno no marco do actual Estatuto de Autonomía e da Constitución Española:

- 1.- Reclame do Goberno do Estado unha actitude positiva de colaboración institucional para seguir avanzando no proceso de transferencias á nosa Comunidade Autónoma, reiterando os pronunciamentos xa feitos por este Parlamento de petición de novas competencias para Galicia.
- 2.- Reitere novamente diante do Goberno Central a solicitude de convocatoria inmediata da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de reactivar os trámites pertinentes para facer efectivos os traspasos a Galicia das competencias demandadas polas Institucións Autonómicas”.

Santiago de Compostela, 3 de Xuño de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2011 17:34:02

Antonio Rodríguez Miranda na data 03/06/2011 17:34:15

Agustin Baamonde Díaz na data 03/06/2011 17:34:21

Paula Prado del Rio na data 03/06/2011 17:34:30

Alejandro Gomez Alonso na data 03/06/2011 17:34:38

Pablo Cobián Fernandez de la Puente na data 03/06/2011 17:34:44

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 03/06/2011 17:34:54

María Seoane Romero na data 03/06/2011 17:34:59

Javier Escribano Rodríguez na data 03/06/2011 17:35:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/06/2011 17:35:20



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia e Pleno do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, para que explique a imputación de dous traballadores de Sogama por influír na adxudicación de contratos, e as responsabilidades políticas que delas se derivan.

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2011

Asdo:

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 03/06/2011 11:33:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/06/2011 11:33:55

Jose Luis Méndez Romeu na data 03/06/2011 11:34:36

María Concepción Burgo López na data 03/06/2011 11:36:19

Beatriz Sestayo Doce na data 03/06/2011 11:36:23

Carmen Gallego Calvar na data 03/06/2011 11:36:31

María del Carmen Acuña do Campo na data 03/06/2011 11:36:44

Ricardo Varela Sánchez na data 03/06/2011 11:36:48

Francisco Xulio Cerviño González na data 03/06/2011 11:36:52

María del Mar Barcón Sánchez na data 03/06/2011 11:37:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/06/2011 11:37:12

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/06/2011 11:37:24



 Grupo Parlamentario

María del Carmen Cajide Hervés na data 03/06/2011 11:37:37

José Manuel Gallego Lomba na data 03/06/2011 11:37:49

Silvia Belen Fraga Santos na data 03/06/2011 11:38:01

Pablo Xabier López Vidal na data 03/06/2011 11:38:06

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 03/06/2011 11:38:45

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 03/06/2011 11:38:51

María Soledad Soneira Tajés na data 03/06/2011 11:38:57

Modesto Pose Mesura na data 03/06/2011 11:39:13

Ismael Rego González na data 03/06/2011 11:39:19

Sonia Verdes Gil na data 03/06/2011 11:39:25

José Tomé Roca na data 03/06/2011 11:39:36



Partido dos
Socialistas
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre **“as prioridades de financiamento cos fondos ‘phasing out’ para o período financeiro comunitario 2014-2020”**.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno da Excma. Sra. conselleira de Traballo e Benestar**, para dar conta do funcionamento e repercusión da utilización, por parte da súa consellería, da Clave S698.

Pazo do Parlamento, 6 de xuño 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 06/06/2011 18:39:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/06/2011 18:39:28

María José Caride Estévez na data 06/06/2011 18:39:30

Jose Luis Méndez Romeu na data 06/06/2011 18:39:34

María Concepción Burgo López na data 06/06/2011 18:39:39

Beatriz Sestayó Doce na data 06/06/2011 18:39:44

Carmen Gallego Calvar na data 06/06/2011 18:39:49

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/06/2011 18:39:54

Ricardo Varela Sánchez na data 06/06/2011 18:39:56

Francisco Xulio Cerviño González na data 06/06/2011 18:40:01

María del Mar Barcón Sánchez na data 06/06/2011 18:40:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2011 18:40:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/06/2011 18:40:17

María del Carmen Cajide Hervés na data 06/06/2011 18:40:22

José Manuel Gallego Lomba na data 06/06/2011 18:40:26

José Manuel Lage Tuñas na data 06/06/2011 18:40:29



 Grupo Parlamentario

Silvia Belen Fraga Santos na data 06/06/2011 18:40:34

Pablo Xabier López Vidal na data 06/06/2011 18:40:37

María Remedios Quintas Alvarez na data 06/06/2011 18:40:42

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/06/2011 18:40:46

María Soledad Soneira Tajés na data 06/06/2011 18:40:50

Modesto Pose Mesura na data 06/06/2011 18:40:51

Ismael Rego González na data 06/06/2011 18:40:54

Sonia Verdes Gil na data 06/06/2011 18:40:56

José Tomé Roca na data 06/06/2011 18:40:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro dos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno da Excm. Sra. conselleira de Sanidade**, para dar conta da situación económico -financeira do Sergas e da sanidade pública en Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de xuño 2011

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 06/06/2011 16:09:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/06/2011 16:09:29

María José Caride Estévez na data 06/06/2011 16:09:37

Jose Luis Méndez Romeu na data 06/06/2011 16:09:44

María Concepción Burgo López na data 06/06/2011 16:09:50

Beatriz Sestayo Doce na data 06/06/2011 16:09:56

Carmen Gallego Calvar na data 06/06/2011 16:10:04

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/06/2011 16:10:16

Ricardo Varela Sánchez na data 06/06/2011 16:10:23

Francisco Xulio Cerviño González na data 06/06/2011 16:10:29

María del Mar Barcón Sánchez na data 06/06/2011 16:10:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2011 16:10:46

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/06/2011 16:10:54

María del Carmen Cajide Hervés na data 06/06/2011 16:10:59

José Manuel Gallego Lomba na data 06/06/2011 16:11:08



 Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 06/06/2011 16:11:15

Silvia Belen Fraga Santos na data 06/06/2011 16:11:20

Pablo Xabier López Vidal na data 06/06/2011 16:11:30

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 06/06/2011 16:11:37

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/06/2011 16:11:45

María Soledad Soneira Tajés na data 06/06/2011 16:11:50

Modesto Pose Mesura na data 06/06/2011 16:12:01

Ismael Rego González na data 06/06/2011 16:12:10

Sonia Verdes Gil na data 06/06/2011 16:12:18

José Tomé Roca na data 06/06/2011 16:12:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputadas, **Pablo Xabier López Vidal, Mar Barcón Sánchez, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Comisión 2ª**. do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para dar conta das presuntas relacións establecidas entre algunhas das empresas implicadas na operación xudicial denominada “Campeón”, e a Administración autonómica, consistentes na posible manipulación na contratación de proxectos de obras en algunhas estradas galegas.

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Mar Barcón Sánchez
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/06/2011 10:24:20

María del Mar Barcón Sánchez na data 01/06/2011 10:24:33

Carmen Gallego Calvar na data 01/06/2011 10:24:40

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 01/06/2011 10:24:54



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Pablo Xabier López Vidal, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e M^a José Caride Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia** en **Comisión 2^a** do Excmo. Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para explicar as xestións e actuacións desenvoltas pola Xunta de Galicia de cara a reparar o lamentable estado no que se encontra a estación de autobuses de Vigo.

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
M^a José Caride Estévez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/06/2011 10:26:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/06/2011 10:26:05

José Manuel Gallego Lomba na data 01/06/2011 11:29:26



María José Caride Estévez na data 01/06/2011 11:29:29



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia, ante a Comisión 1ª, “*Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior*”, do Goberno galego para informar sobre “**as prioridades de financiamento cos fondos ‘phasing out’ para o período financeiro comunitario 2014-2020**”.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:22
Nº Rexistro: 65254
Data envío: 27/05/2011 13:22:09.213

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á venda dos dous helicópteros de salvamento marítimo da Xunta de Galiza a unha empresa privada.

O Consello da Xunta de Galiza, na súa reunión do 26 de maio de 2011, aprobou a venda dos dous helicópteros de salvamento marítimo (“Pesca I” en Vigo e “Pesca II” en Celeiro) á empresa privada UTE INAER Helicópteros Off Shore, SS./Hispacopter, S.L., cunha cómoda fórmula de pagamento diferido, ao longo de cinco anos.

Resulta indignante, escandaloso e irresponsábel que o Goberno do Partido Popular opte por privatizar os medios aéreos dun servizo tan esencial como o do salvamento marítimo, que ten como cometido nada menos que a salvagarda da vida humana no mar, que pasa a ter a consideración non de servizo público, senón de negocio privado.

Pérdese así o imprescindible control público sobre este servizo, precarizándoo, debilitándoo e restándolle operatividade. Elimina calquera marxe de manobra da administración pública galega que pasa a estar absolutamente supeditada á empresa privada que agora é propietaria dos helicópteros. Empresa, por certo, denunciada e con expedientes abertos polo incumprimento das obrigas recollidas nas cláusulas do contrato.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:22
Nº Rexistro: 65254
Data envío: 27/05/2011 13:22:09.213

E é precisamente esta empresa, responsábel dos problemas que mancaron a operatividade destes helicópteros (mesmo substituíndoos en ocasións por outros de inferiores prestacións), a gran beneficiada por este negocio. Velaí o grande traballo do Goberno do Partido Popular.

Pois efectivamente trátase dun negocio redondo para esta empresa. Estes dous helicópteros, que entraron en servizo no ano 2005 (daquela aínda novos), significaron un desembolso de 26'9 millóns de euros para as arcas públicas galegas, vendéndose agora xustamente pola metade: 13'5 millóns de euros. Iso si, non en pagamento efectivo, senón en forma de descontos anuais de 2'7 millóns de euros. O Goberno do PP favorece negocios privados sacrificando a operatividade dun servizo público fulcral para o noso país.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Interpelación dirixida á Conselleira do Mar:

1.^a) Non considera a Consellaría do Mar que esta decisión precarizará e degradará as condicións de salvamento marítimo na Galiza?

2.^a) Ten previsto reconsiderar esta decisión e evitar a venda barata de dous helicópteros públicos a unha empresa privada que realizará un extraordinario negocio con esta transacción?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:22
Nº Rexistro: 65254
Data envío: 27/05/2011 13:22:09.213

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/05/2011 13:16:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Consello da Xunta, na súa reunión do pasado 26 de maio, tomou un acordo polo que se ***“reformula o contrato de operatividade dos helicópteros do Servizo de Gardacostas”***, segundo a nota que se fixo pública ao seu remate.

Segundo a mesma nota, a Xunta aspira a aforrar 2,7 millóns de euros anuais coa “reformulación do contrato de operatividade”, e manifesta que resolveu o actual contrato coa empresa UTE INAER Helicópteros Off Shore, S.S./Hispacopter, S.L., para acadar máis operatividade e eficacia no servizo de salvamento marítimo.

Ate o de agora os helicópteros do Servizo de Gardacostas eran propiedade de todos os galegos, e son unha peza fundamental do dispositivo de salvamento nas nosas costas. A súa adquisición supuxo un desembolso para o erario público galego de uns trinta millóns de euros, e conforman a pedra angular dun servizo de salvamento público de todos os galegos. Hai que lembrar aquí que a adquisición como bens patrimoniais de todos os galegos foi unha decisión do Sr. Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca do último Goberno de D. Manuel Fraga.

Diante da decisión adoptada polo Consello da Xunta do pasado 16 de maio, as deputadas e os deputados que asinan interpelan á Sra. conselleira do Mar nos seguintes termos:

1.ª) Canto nos custaron os dous helicópteros do Servizo de Gardacostas, incluídos intereses e outros gastos financeiros, a todos os galegos?



 Grupo Parlamentario

2.^a) En canto valora a Xunta de Galicia o prezo destes aparellos na “reformulación” do contrato coa empresa concesionaria do servizo?

3.^a) En que se mellora o servizo de salvamento con esta decisión?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.^a) Visto que o contrato vixente rematou en abril, vai sacar a Consellaría do Mar un novo concurso para adxudicar o servizo?

5.^a) Se é así, que seguridade ten a Xunta de Galicia de que o servizo sexa adxudicado á mesma empresa?

6.^a) Coa condición de adquirir os dous aparellos, cantas empresas considera que se presentarán ao concurso para a prestación deste servizo?

7.^a) Por que afirma a Sra. conselleira do Mar que se van aforrar 2,7 millóns de euros anuais aplicando esta fórmula?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 11:15:21

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 11:15:26

José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 11:15:43

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 11:15:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o 26 de maio pasado se licitou por un importe de 98 millóns de euros o servizo loxístico integral do Sergas.

Afirmando que suporía un aforro duns 200 millóns en dez anos debido o aforro en superficie de almacén.

Entre as vantaxes que se destacan ante esta nova externalización ou, mellor dito, privatización dun servizo público están un mellor control da caducidade dos produtos e o feito de racionalizar o volume dos stoks.

Ata agora isto se estaba a facer con persoal e recursos propios polo que debemos supor que tras contratar este servizo a unha empresa privada teremos que prescindir do persoal que o estaba a realizar ata o de agora.

Como a administración considera que esta cesión mellorará a eficiencia destes servizos tamén debemos supor que ata agora esta non era boa.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como cree o Goberno que vai mellorar a eficiencia da xestión da cadea de subministracións ca privatización do servizo?
2. Canto persoal e recursos propios estabamos dedicando ata agora? Cal será o futuro do mesmo trala privatización?
3. Non se estaba a controlar a caducidade do material sanitario adecuadamente ata o de agora? Quen era o responsable dese mal funcionamento?



Grupo Parlamentario

4. Esa externalización e centralización non provocara desabastecementos ou retrasos o servir o material? Quen sería entón o responsable? Como se poderá entón sancionar ou penalizar a empresa?
5. Considera oportuno o Goberno destinar neste momento tanto orzamento a privatizar outro servizo publico? E como pensa que se poden aforrar eses 200 millóns con esta medida?
6. Si se produce un maior consumo nun punto por calquera razón, como se contempla a reposición extraordinaria ou non existe esa posibilidade?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo


Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/05/2011 16:26:39

Modesto Pose Mesura na data 30/05/2011 16:26:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:41
Nº Rexistro: 65329
Data envío: 31/05/2011 16:41:32.942

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 148 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa á política de privatización dos servizos sociais.

A meio de senllas resolucións publicadas no DOG os pasados 19 e 21 de maio, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (doravante, CGSIB) anuncia a licitación da xestión de dous lotes de centros de día, vivendas comunitarias e fogar residencial, por un importe global de 6 M€.

Dunha banda licítase a xestión conxunta do fogar residencial e centro de día da Laracha e a dos Centros de Día de Carballo, Eirís e Montealto na Coruña e Muros, cun orzamento de licitación de 3,2 M€. Da outra privatizarase a xestión dos Centros de Día de Ares, Oleiros, As Pontes, Caranza e Esteiro en Ferrol e a Vivenda Comunitaria de Alfoz, cun orzamento de licitación de 2,8 M€. Os documentos contratuais xustifican a privatización nunha suposta “mellor calidade, eficiencia e eficacia na xestión” obviando os maiores custos e a degradación do servizo que trae consigo a xestión privada ao tempo que motiva a licitación conxunta na conveniencia de agrupar concellos que configuran “unha área territorial de influencia común”, deixando sen explicar porque o Centro de Día de Oleiros no canto de ir no lote cos da Coruña vai ser xestionado conxuntamente cos de Alfoz, Ferrol, As Pontes ou A Lourenzá. Todo indica que a licitación conxunta ten como fin excluír do concurso ás pequenas empresas locais en beneficio das grandes empresas españolas de xestión de servizos sociais, ás que a Xunta do PP xa ten concedido centros como, por exemplo, o Souto de Leixa en Ferrol.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:41
Nº Rexistro: 65329
Data envío: 31/05/2011 16:41:32.942

Mais non rematan aquí as sorpresas por canto da análise dos pregos contratuais tíranse tamén outras conclusións interesantes:


- Que apenas se licita a metade das prazas coas que contan estes centros.

O CD da Laracha conta con 40 prazas, mais só se sacan a licitación 20. O de Carballo conta tamén con 40, mais só se licitan 23. Os de Eirís e Montealto na Coruña contan, cada un, con 80 prazas mais só se licitan a metade. No de Muros, con 45 prazas, só se sacan a concurso 23. No de Ares, con 40, só se licitan 20. No de Caranza, con 80 prazas, apenas 41. No de Esteiro, con 30 prazas, só se licitan 15 o mesmo que no das Pontes e o da Lourenzá, malia contar este último con 40 prazas. No das Galeras, en Oleiros, con 80 prazas, só saen a concurso 41. En total, contando os centros que se pretende privatizar cunha capacidade total de 585 prazas a Xunta apenas vai licitar 286.

- Incremento do peso dos criterios de valoración non automática

En contraste con concursos anteriores estas licitacións incrementan extraordinariamente o peso dos criterios de valoración discrecional, non automática, en detrimento da ponderación do prezo e dos criterios sociais. Non se opta, tal e como permite a normativa de contratación, por reservar estes contratos a entidades sen fin de lucro optando abertamente pola mercantilización destes servizos.

Así as cousas, formúlase a seguinte



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:41
Nº Rexistro: 65329
Data envío: 31/05/2011 16:41:32.942

INTERPELACIÓN

Que xustificación ten a Xunta para esta privatización conxunta de 12 centros do CGSIB?

Porque se sacan a licitación apenas a metade das prazas coas que contan estes centros?

Porque non se reservaron estes contratos para entidades do terceiro sector?


Porque nun só lote se agrupan centros de Oleiros, Alfoz e Lourenzá xunto cos da comarca de Ferrol entanto no outro van os da Coruña cos de Muros e Bergantiños?

Porque teima a Xunta en afirmar que a xestión privada conleva “mellor calidade, eficiencia e eficacia na xestión” cando é evidente, á luz da experiencia privatizadora doutros centros do CGSIB, que a xestión privada supón máis gasto, peor servizo e máis precariedade?

Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:41
Nº Rexistro: 65329
Data envío: 31/05/2011 16:41:32.942

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/05/2011 16:40:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ismael Rego González e Mar Barcón Sánchez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Consello da Xunta, celebrado o pasado día 26 de maio, aprobou definitivamente o chamado Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas, saneamento e abastecemento na rede viaria no concello de Barreiros.

Desde o Goberno galego defendeuse este plan como o instrumento máis adecuado para dotar o solo dos núcleos urbanos das infraestruturas que o fagan apto a curto prazo para servir de soporte da edificación residencial proxectada.

Na argumentación realizada pola Xunta non se di nada sobre o impacto do dito plan sectorial, sobre as inmoables e urbanizacións construídas que carecen de todo tipo de servizos, algo que non deixa de ser sorprendente, xa que deixaría sen resolver un dos principais problemas existentes a día de hoxe en canto ao cumprimento da lexislación urbanística vixente.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a situación urbanística na que queda o concello de Barreiros despois da aprobación, por parte do Consello da Xunta, do chamado Plan sectorial de carácter supramunicipal?

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2011

Asdo: Ismael Rego González
Mar Barcón Sánchez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario


Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 27/05/2011 13:02:58

.....
María del Mar Barcón Sánchez na data 27/05/2011 13:03:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:10
Nº Rexistro: 65251
Data envío: 27/05/2011 13:10:33.336

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa aos recortes de plantilla anunciados pola Xunta para o Centro Público “Santiago Apóstolo” da Coruña.

Despois de que a loita levada a cabo polos traballadores e traballadoras do “Santiago Apóstolo” lograse que a Xunta desistise do propósito de privatizalo, o pasado 13 de maio a Consellaría de Traballo e Benestar trasladou ao Comité de Empresa que o plantel do complexo debe “amoldarse aos usuarios que haxa”, limitando o acceso ao centro aos que teñan unha discapacidade superior ao 75%.

O que este anuncio quer dicir é que a Xunta quérese desfacer dos educadores, manter a media xornada para fisioterapeutas e coidadores de fin de semana ao tempo que non esclarecen que vai pasar coas prazas agora ocupadas por persoal interino. Xa que logo, a modificación da RPT anunciada pola Xunta vai supor, en realidade, recortar o persoal e precarizar as condicións de traballo dos profesionais do “Santiago Apóstolo”.

Todo indica, como está a denunciar o Comité de Empresa, que a Xunta quer converter o “Santiago Apóstolo” nun almacén de persoas afectadas por grande discapacidade, sen actividades asistenciais ou formativas, e non nun centro aberto a todo tipo de persoas dependentes do mesmo xeito que o Centro de Educación Especial “María Mariño” está aberto a todos os nenos e nenas afectados por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:10
Nº Rexistro: 65251
Data envío: 27/05/2011 13:10:33.336

calquera grao de discapacidade ou dependencia que impeda a súa escolarización en centros ordinarios.

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Por que razón teima a Xunta en recortar o plantel e precarizar as condicións de traballo dos profesionais do centro “Santiago Apóstolo” da Coruña?

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/05/2011 13:04:53

Ana Luisa Bouza Santiago na data 27/05/2011 13:04:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao drástico recorte das axudas ás industrias culturais no ano 2011

O DOG do pasado 24 de Marzo publicou a convocatoria de subvencións ás industrias culturais. Esta convocatoria supón un recorte de case o 40 % en relación co ano 2010. Consideramos errática a decisión da Consellaría de Cultura e Turismo.

As industrias culturais son un nicho importante de emprego no noso país, teñen capacidade para xerar postos de traballo, algo relevante sempre, máis crucial nun momento de crise como o actual. Porén a súa importancia non radica só no aspecto económico, estamos falando de cultura e do futuro dos diversos sectores que integran a cultura galega.

Estas reducións de apoio público a nosa cultura sitúaa nunha situación límite a sectores da cultura, singularmente as nosas artes escénicas. É precisamente aquí onde se produce un recorte espectacular. Así, segundo esta resolución, a axudas a actividade escénica pasarán de 1.450.000 € no ano 2010, a dedicarlle nos orzamentos do ano 2011, 340.00 €. É dicir, o recorte real para o ano 2011 sitúase nun 77%. Unha decisión política que vai ter un efecto negativo e devastador no futuro das artes escénicas galegas.

Polo dito formulamos as seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Como avalía a Xunta de Galiza o impacto que terá o drástico recorte
de inversións públicas no futuro das industrias culturais galegas?**

Santiago de Compostela, 27 de Maio de 2011

Asdo. Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/05/2011 13:51:55



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.
.....

O Consello da Xunta Celebrado o 26 de maio do presente ano tomou o acordo de vender os dous helicópteros do Servizo de Gardacostas.

As deputadas e os deputados que asinan teñen interese en que a Sra. conselleira do Mar responda a seguinte pregunta:

En que mellora a calidade do servizo de salvamento con esta medida?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 11:33:47

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 11:33:50

José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 11:34:08

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 11:34:13



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Xulgado número 3 do Contencioso Administrativo de Pontevedra acaba de anular as eleccións da Federación de confrarías de Pontevedra.

Diante desta sentenza, as deputadas e os deputados que asinan teñen interese en coñecer a resposta da Sra. conselleira do Mar á seguinte pregunta:

Que acción pensa levar a cabo a Sra. conselleira do Mar para restituír a legalidade os órganos de dirección da Federación de Confrarías de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 11:49:44

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 11:49:47

José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 11:49:57

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 11:50:02

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Pablo Xabier López Vidal, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno** co obxecto de que a Xunta de Galicia faga o pago das expropiacións dos terreos utilizados para a construción do tramo do corredor Martelo - Noia.

Hai máis dun ano que os veciños e veciñas de Noia e Lousame están agardando para recibir as indemnizacións correspondentes ás expropiacións forzosas dos terreos polos que discorre o corredor que une Santiago de Compostela con Noia.

A maior parte dos pagos destas expropiacións están sen realizarse, levando unha demora significativa que está causando preocupación entre os veciños afectados.

A austeridade non pode confundirse co incumprimento das obrigas legais que ten contraído o Goberno galego, e que poden traer consigo o pago de cuantiosos intereses a conta das arcas autonómicas no caso de non efectuar os pagos seguindo o mercado na lei.

Cabe recordar que o Sr. presidente da Xunta de Galicia ten presumido ao longo dos últimos meses de efectuar os pagos a provedores en menos de 45 días, polo que non estaría de máis que as palabras foran acompañadas de feitos, como no caso das expropiacións pendentes de pagar en Noia e Lousame.

Os veciños afectados demandan maior axilidade por parte da Administración autonómica e os pagos pendentes, e os socialistas galegos facémonos eco das súas demandas ao mesmo tempo que lle pedimos ao Goberno galego unha rápida solución a este problema que se arrastra dende fai xa máis de doce meses.



 Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten pensado o Goberno galego proceder ao pago completo das expropiacións dos terreos do corredor Brión – Martelo - Noia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 13:01:52

Pablo Xabier López Vidal na data 30/05/2011 13:01:59



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Vén de entrar en vigor a Lei do Xogo aprobada recentemente nas Cortes Xerais.

Cales son as previsións do Goberno galego para remitir ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei que actualice a vetusta lexislación en materia de xogo vixente na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 12:00:06

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado 27 de maio o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou unha Orde da Consellería do Medio Rural pola que se determina a época de perigo alto de incendios. Mediante esta norma, para este ano 2011 declárase o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro como de perigo alto de lumes forestais.

Ao mesmo tempo, a Orde faculta tamén ao Director Xeral de Montes, para dictar cantas instrucións sexan precisas para modificar estas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Ao día seguinte o Conselleiro do Medio Rural e o Director Xeral de Montes daban a coñecer aos medios de comunicación o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para o 2011 antes de ser avaliado polo Consello Forestal, e antes de ser sometido ao Consello da Xunta.

Segundo trascendeu aos medios de comunicación, hai notables mellorías descritas no PLADIGA 2011 en relación ao PLADIGA anterior, tanto no referente aos medios materiais como na introducción dun novo aditivo que mellora sensiblemente a eficacia da auga na loita contra os incendios.

Ante a importancia e transcendencia destes feitos consideramos oportuno saber a resposta da Xunta de Galicia no que a esto se refire, por elo, a deputada asinante formula a seguinte cuestión:

¿Cal é o dispositivo có que conta o PLADIGA 2011?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/05/2011 13:26:10

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado 27 de maio o Diario Oficial de Galicia (DOGA) publicou unha Orde da Consellería do Medio Rural pola que se determina a época de perigo alto de incendios. Mediante esta norma, para este ano 2011 declárase o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro como de perigo alto de lumes forestais.

Ao mesmo tempo, a Orde faculta tamén ao Director Xeral de Montes, para dictar cantas instrucións sexan precisas para modificar estas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Ao día seguinte o Conselleiro do Medio Rural e o Director Xeral de Montes daban a coñecer aos medios de comunicación o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para o 2011 antes de ser avaliado polo Consello Forestal, e antes de ser sometido ao Consello da Xunta.

Segundo trascendeu aos medios de comunicación, hai notables mellorías descritas no PLADIGA 2011 en relación ao PLADIGA anterior, tanto no referente aos medios materiais como na introducción dun novo aditivo que mellora sensiblemente a eficacia da auga na loita contra os incendios.

Ante a importancia e transcendencia destes feitos consideramos oportuno saber a resposta da Xunta de Galicia no que a esto se refire, por todo elo, a deputada asinante formula a seguinte cuestión:

¿Cales son os obxectivos do PLADIGA 2011?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/05/2011 13:26:42

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O pasado 27 de maio o Diario Oficial de Galicia (DOGA) publicou unha Orde da Consellería do Medio Rural pola que se determina a época de perigo alto de incendios. Mediante esta norma, para este ano 2011 declárase o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro como de perigo alto de lumes forestais.

Ao mesmo tempo, a Orde faculta tamén ao Director Xeral de Montes, para dictar cantas instrucións sexan precisas para modificar estas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Ao día seguinte o Conselleiro do Medio Rural e o Director Xeral de Montes daban a coñecer aos medios de comunicación o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para o 2011 antes de ser avaliado polo Consello Forestal, e antes de ser sometido ao Consello da Xunta.

Segundo trascendeu aos medios de comunicación, hai notables mellorías descritas no PLADIGA 2011 en relación ao PLADIGA anterior, tanto no referente aos medios materiais como na introducción dun novo aditivo que mellora sensiblemente a eficacia da auga na loita contra os incendios.

Ante a importancia e transcendencia destes feitos consideramos oportuno saber a resposta da Xunta de Galicia no que a esto se refire, é polo que a deputada asinante, formula a seguinte cuestión:

¿En que consisten as melloras incorporadas no PLADIGA 2011 para determinar a localización dos perímetros afectados polo lume?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/05/2011 13:27:09



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Carmen Acuña do Campo, Ismael Rego González, e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

No debate sobre o Estado da Comunidade Autónoma de Galicia, celebrado no ano 2010, o Parlamento galego aprobou por unanimidade unha resolución do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia co seguinte texto:

“47^a. Resolución

Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para facilitar liquidez ás empresas e particulares ante a actual conxuntura de crise económica, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Establecer un compromiso de pago máximo de 30 días para as facturas emitidas a partir de agora, para os pagos da Administración autonómica, que deberá ser acadado, a través dun calendario de aplicación progresiva, en marzo de 2011.

(Proposta de resolución núm. 3, apartado 5, do G.P. dos Socialistas de Galicia).”

Transcorrido o prazo ao que fai referencia dita resolución, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.^a) Cal é o prazo medio de pago da Xunta de Galicia a 31 de marzo de 2011?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Carmen Acuña do Campo

Ismael Rego González

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:


María José Caride Estévez na data 31/05/2011 13:38:28

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/05/2011 13:38:36

Ismael Rego González na data 31/05/2011 13:38:40

José Manuel Gallego Lomba na data 31/05/2011 13:38:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65324
Data envío: 31/05/2011 16:32:23.733

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á privatización da xestión de 11 centros de día, unha vivenda comunitaria e un fogar residencial e as condicións en que este se produce.

A meio de senllas resolucións publicadas no DOG os pasados 19 e 21 de maio, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (doravante, CGSIB) anuncia a licitación da xestión de dous lotes de centros de día, vivendas comunitarias e fogar residencial, por un importe global de 6 M€.

Dunha banda licítase a xestión conxunta do fogar residencial e centro de día da Laracha e a dos Centros de Día de Carballo, Eirís e Montealto na Coruña e Muros, cun orzamento de licitación de 3,2 M€. Da outra privatizarase a xestión dos Centros de Día de Ares, Oleiros, As Pontes, Caranza e Esteiro en Ferrol e a Vivenda Comunitaria de Alfoz, cun orzamento de licitación de 2,8 M€. Os documentos contratuais xustifican a privatización nunha suposta “mellor calidade, eficiencia e eficacia na xestión” obviando os maiores custos e a degradación do servizo que trae consigo a xestión privada ao tempo que motiva a licitación conxunta na conveniencia de agrupar concellos que configuran “unha área territorial de influencia común”, deixando sen explicar porque o Centro de Día de Oleiros no canto de ir no lote cos da Coruña vai ser xestionado conxuntamente cos de Alfoz, Ferrol, As Pontes ou A Lourenzá. Todo indica que a licitación conxunta ten como fin excluír do concurso ás pequenas empresas locais en beneficio das grandes empresas españolas de xestión de servizos sociais, ás que a Xunta do PP xa ten concedido centros como, por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65324
Data envío: 31/05/2011 16:32:23.733

exemplo, o Souto de Leixa en Ferrol.

Mais non rematan aquí as sorpresas por canto da análise dos pregos contratuais tíranse tamén outras conclusións interesantes:

- Que apenas se licita a metade das prazas coas que contan estes centros.

O CD da Laracha conta con 40 prazas, mais só se sacan a licitación 20. O de Carballo conta tamén con 40, mais só se licitan 23. Os de Eirís e Montealto na Coruña contan, cada un, con 80 prazas mais só se licitan a metade. No de Muros, con 45 prazas, só se sacan a concurso 23. No de Ares, con 40, só se licitan 20. No de Caranza, con 80 prazas, apenas 41. No de Esteiro, con 30 prazas, só se licitan 15 o mesmo que no das Pontes e o da Lourenzá, malia contar este último con 40 prazas. No das Galeras, en Oleiros, con 80 prazas, só saen a concurso 41. En total, contando os centros que se pretende privatizar cunha capacidade total de 585 prazas a Xunta apenas vai licitar 286.

- Incremento do peso dos criterios de valoración non automática

En contraste con concursos anteriores estas licitacións incrementan extraordinariamente o peso dos criterios de valoración discrecional, non automática, en detrimento da ponderación do prezo e dos criterios sociais. Non se opta, tal e como permite a normativa de contratación, por reservar estes contratos a entidades sen fin de lucro optando abertamente pola mercantilización destes servizos.

Así as cousas, fórmulase a seguinte cuestión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65324
Data envío: 31/05/2011 16:32:23.733

Que xustificación ten a Xunta para esta privatización conxunta de 12 centros do CGSIB?

Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/05/2011 16:23:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 09:30
Nº Rexistro: 65331
Data envío: 31/05/2011 19:19:19.338

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao filtro de censura que practica a Casa de Galiza en Madrid en relación coa presentación dun libro de Carlos Callón.

A Casa de Galiza en Madrid, de titularidade do Goberno galego, serve dende 1992 como cenario para a teórica proxección do noso país no ámbito cultural, económico, empresarial e turístico. As súas tres salas de exposicións e reunións teñen acollido, segundo indica a súa páxina web oficial, máis de 1.500 actos de todo tipo. Afirmase no site, literalmente, que “desta forma organízanse periodicamente conferencias, exposicións de pintura, escultura e fotografía, presentación de libros, mesas redondas, recitais, concertos, etc.”.

Até aquí todo ben. O problema xurde cando se pretende organizar neste espazo público a presentación en Madrid (cidade na que residen milleiros de emigrantes galegos) do libro “En castellano no hay problema”, da autoría de Carlos Callón, presidente d’A Mesa pola Normalización Lingüística, a maior asociación cultural de todas cantas existen na Galiza, con milleiros de socias e socios.

Este acto, que xa se ten realizado na Galiza en dúcias de ocasións, con formatos diversos e en locais de todo tipo, colide co sectarismo máis extremo no caso da Casa de Galiza en Madrid. Non é normal, non resulta lóxico nin democraticamente admisíbel, que dende a Casa de Galiza de Madrid soliciten primeiro un exemplar do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 09:30
Nº Rexistro: 65331
Data envío: 31/05/2011 19:19:19.338

libro de Carlos Callón, a fin de o analizar, para despois tomar a decisión após o oportuno filtro de censura.

A Casa de Galiza en Madrid non é propiedade do Partido Popular, e non se pode supeditar á política lingüística antigalega que defende. É un espazo público, que debера tamén estar aberto a quen defende a lingua galega, en cumprimento da legalidade vixente.

Este feito é gravísimo dende unha perspectiva democrática. Vulnérase a liberdade de expresión. Instrumentalizanse espazos públicos en exercicio dun sectarismo en estado puro. Volven os tempos de censura, na que intervíaa autoridade gobernativa, con lectura previa dos libros, para permitir (ou non) a súa distribución. Igual que no franquismo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Por que razón a Casa de Galiza en Madrid practica a censura na presentación dun libro do Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 09:30
Nº Rexistro: 65331
Data envío: 31/05/2011 19:19:19.338

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/05/2011 19:17:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 10:53
Nº Rexistro: 65336
Data envío: 01/06/2011 10:53:45.785

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.


O sistema denominado "gratuidade solidaria" do PP substituíu a un sistema de préstamo de libros que tiña a virtualidade de ser económico e ecoloxicamente sostíbel. No anterior sistema a extensa vida dos libros permitía que cun gasto igual ou incluso inferior ao actual todo o alumnado dispuxera de acceso aos libros de textos en igualdade de condicións.

A Consellaría de Educación fala de austeridade para o recorte das axudas para o curso 2011-2012 cando do que debería falar é de redución e eliminación progresiva dun dereito das familias sen que isto supoña aforro para o erario público. Fronte a un programa que contemplaba a reutilización dos libros por diferentes alumnos e alumnas durante catro anos, o actual sistema implica que cada curso a Administración teña que desembolsar da orde de 11 millóns de euros para cubrir escasamente as necesidades do 40% das familias galegas.

Por isto, formúlase a seguinte pregunta:

Que previsión de sustentabilidade do sistema denominado "gratuidade solidaria" ten o Goberno galego para os próximos anos?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2011



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 10:53
Nº Rexistro: 65336
Data envío: 01/06/2011 10:53:45.785

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 01/06/2011 10:49:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 12:26
Nº Rexistro: 65348
Data envío: 01/06/2011 12:26:09.881

Á MESA DO PARLAMENTO


Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á situación do servizo público de transporte sanitario na Costa da Morte.

Segundo a empresa está a comunicar aos usuarios do servizo, a concesionaria do transporte sanitario asistencial na Costa da Morte (desde Fisterra á Laracha), Ambugallegas S.L., vai deixar de prestar o servizo apartir do día 7 de xuño. Ao parecer a empresa tería xa comunicado á Xunta a súa renuncia a continuar cun servizo que utilizan milleiros de pacientes da Costa da Morte, especialmente persoas maiores, para se desprazar aos hospitais e centros de saúde.

Postos en contacto co SERGAS este indícalles aos usuarios que apartir da semana que vén poden utilizar taxis para este transporte sanitario, que xa se lles reintegrará o custo da viaxe. Mais alén da falta de adecuación dos taxis para a realización dun transporte que é sanitario, esta alternativa non serve para moitas persoas maiores que viven soas e para as que é indispensábel a intervención dos profesionais sanitarios que atenden o servizo de ambulancias.

Dado que non é a primeira vez que estes deputados se interesan polos problemas do transporte sanitario na Costa da Morte, fórmulase a seguinte cuestión:

Que vai facer a Xunta para asegurar a prestación regular do servizo público de transporte sanitario na Costa da Morte?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 12:26
Nº Rexistro: 65348
Data envío: 01/06/2011 12:26:09.881

Santiago de Compostela, a 1 de xuño de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/06/2011 12:23:33

Ana Luisa Bouza Santiago na data 01/06/2011 12:23:38

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, para a súa tramitación polo procedemento de **Urxencia**, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**, dirixida á Sra. Conselleira do Mar.

Xustificación da Urgencia:

Cómpre coñecer a información da que dispón a Xunta de Galicia ao respecto do operativo desenvolto para evitar un intento de comercialización de vieira en período de prohibición de extracción.

Axentes do Servicio Marítimo e do Seprona da Garda Civil, co apoio da Policía Xudicial e baixo a dirección do titular do Xulgado de Instrucción número tres de Ferrol, procederon á detención de varias persoas como supostas autoras dun delito contra a saúde pública no marco da bautizada como 'Operación Capacho'.

Segundo informou a Garda Civil, as investigacións iniciáronse ante o convencemento dos axentes de que se podería estar extraendo vieira da ría de Ferrol para o seu consumo humano, marisco que actualmente se atopa en situación de prohibición de extracción pola posible presenza de toxina amnésica (ASP) no mesmo, o que as converte en non aptas para o consumo.

A xuízo do deputado asinante, cómpre agora responder á seguinte cuestión:

¿De que información dispón a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da denominada 'Operación Capacho'?

Santiago de Compostela, 06 de xuño de 2011




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2011 13:43
Nº Rexistro: 65670
Data envío: 06/06/2011 13:43:46.256

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 06/06/2011 13:42:57

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 531 510
F. 981 531 472
grupos@parlamentodegalicia.es
www.pdg.galicia.es



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2011 13:49
Nº Rexistro: 65671
Data envío: 06/06/2011 13:49:46.671

Á Mesa do Parlamento

Maria Tereixa Paz Franco, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa ás previsións e modificacións operadas no Plan de Defensa contra incendios forestais de Galiza (PLADIGA) 2011.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

A urxencia ven motivada pola proximidade temporal do inicio do período de máximo risco de incendios forestais en Galiza e pola necesidade de que o Goberno galego explique á cidadanía, en sede parlamentar, cales son as principais previsións e modificacións contidas no operativo para facerlles fronte aos incendios forestais.

Logo da aprobación, a pasada semana, no Consello da Xunta do PLADIGA 2011, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a valoración que fai o Conselleiro do Medio Rural das consecuencias dos principais cambios operados no PLADIGA 2011?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011.

Asdo.: Maria Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2011 13:49
Nº Rexistro: 65671
Data envío: 06/06/2011 13:49:46.671

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 06/06/2011 13:49:10

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Meijón Couselo, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

A urxencia vén motivada polo recente anuncio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da redución das axudas para a compra dos libros de texto e a alarma suscitada na comunidade educativa.

Cada día que pasa semella máis evidente a fatalidade que para a sociedade galega en xeral e, nomeadamente, para a comunidade educativa representou a decisión do actual presidente da Xunta de Galicia de eliminar o Programa de Gratuidade de Libros de Texto en centros sostidos con fondos públicos baseado no Préstamo implementado en toda a educación obrigatoria polo Goberno anterior presidido por Emilio Pérez Touriño.

O sistema implantado pola actual Consellería de Educación e Ordenación Universitaria non só resulta máis custoso para o erario público, senón que ademais só contempla a axuda máxima para 4 de cada 10 alumnos e alumnas. Xa que logo, quedan fora do dereito á suposta gratuidade 6 de cada 10 alumnos e alumnas.

O recurso á crise económica pola que está a atravesar o país non ten soporte argumental plausible xa que, como temos dito, o actual sistema resulta máis custoso que o anterior. Por outro lado, semella que en épocas de crise é cando a administración debe dispor de máis axudas nunha área vital para o desenvolvemento do noso país como é a educación.

Porén, a actual Xunta de Galicia está a seguir o camiño contrario e, ademais de suprimir este dereito á gratuidade dos libros de texto, ven de anunciar unha significativa redución das axudas que reciben as nais e pais para a compra dos libros de texto.



 Grupo Parlamentario

Estas son as cuestións polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que valoración fai a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do seu recente anuncio relativo á redución das axudas para a compra de libros de texto?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/06/2011 15:57:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2011 15:57:59

María Concepción Burgo López na data 06/06/2011 15:58:12

Francisco Xulio Cerviño González na data 06/06/2011 15:58:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2011 18:29
Nº Rexistro: 65694
Data envío: 06/06/2011 18:29:13.490

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PERGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Que valoración realiza a Xunta da situación social de Galiza?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 06/06/2011 18:26:51



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Manuel Vázquez Fernández, presidente do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Cal é a súa valoración sobre a situación da sanidade pública en Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2011

Asdo.: Manuel Vázquez Fernández
Presidente do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 06/06/2011 16:50:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Francisco Cerviño González e Guillermo Meijón Couselo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa oral en Comisión**.

O Consello da Xunta do 26 de maio, autorizou a sinatura do convenio co Ministerio de Cultura para a adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas públicas no ano 2011, tal como vén sendo habitual nos anos anteriores.

No acordo tomado polo Consello afirmase que estes fondos van ser destinados á compra de novidades bibliográficas tan só para as bibliotecas nodais, sen ter en conta o resto das bibliotecas públicas, e para a adquisición de libros en galego que serán repartidos entre as distintas bibliotecas. Dáse a entender que a compra destes libros en galego a fará a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos.

Esta compra de libros en galego para as bibliotecas públicas sempre se fixo a través do programa de apoio a promoción da edición do libro en galego, que conta ca súa partida orzamentaria propia, distinta a de “lotes fundacionais e adquisición de fondos bibliográficos” coa cal se apoiaba a ampliación de fondos documentais das bibliotecas públicas da rede, non só das nodais.

Os fondos destinados á promoción da edición do libro en galego ascenden a 800.000 € nos orzamentos de 2011 pero se viron minguados en 360.000 €, a través dunha modificación de crédito. Parece que diminución do presuposto destinado á industria cultural deste país, quérese suplir cos fondos destinados a adquisición de novidades editoriais, algo inasumible polo que significa de diminución de presuposto, tanto para apoiar as editoriais galegas como as bibliotecas públicas.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cantos fondos se van destinar o apoio do libro en galego no ano 2011 en total?

2.^a) En que partidas orzamentaria concretas se vai a consignar este gasto?

3.^a) Canto vai destinarse exactamente á adquisición de novidades bibliográficas?

4.^a) En que partida orzamentaria se vai consignar este gasto?

5.^a) Os 360.000 € transferidos dende a partida de promoción á adición do libro en galego ao AGADIC, en que van a ser gastados exactamente?

6.^a) Cre realmente o conselleiro de cultura que con estes recortes nas partidas destinadas ao libro galego e ás bibliotecas, e que tentan ocultar con cambios orzamentarios, se está apoiando á industria editorial e as bibliotecas públicas?

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Francisco Cerviño González
Guillermo Meijón Couselo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/05/2011 9:43:14

Francisco Xulio Cerviño González na data 27/05/2011 9:43:25



 Grupo Parlamentario

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 27/05/2011 9:43:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Concello de Vilaboa pertence á Area Sanitaria Norte e ten un Centro de Saúde en O Toural e un centro periférico en Santa Cristina de Cobres, con máis de 4.000 tarxetas sanitarias.

Unha das médicas que atendían as persoas doentes do concello de Vilaboa, nos dous centros, acaba de incorporarse á súa praza nun centro de saúde en Cambados o pasado día 10 de maio do presente ano.

A persoa que debe substituíla aínda non tomou posesión da súa praza e polo tanto levamos xa máis de 15 días cunha atención médica en Vilaboa deficitaria, posto que os outros médicos teñen que atender no centro do Toural ás persoas que tiña asignadas esta doutora e no caso do Centro Periférico de Santa Cristina de Cobres non hai atención médica.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as causas desta deficitaria prestación?
2. En que momento se incorporará o substituto/a?
3. Por que non preveu a Consellería de Sanidade esta situación poñendo as medidas necesarias para evitar que as persoas doentes estean doentes tantos días sen atención médica?

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 27/05/2011 11:44:49

Modesto Pose Mesura na data 27/05/2011 11:44:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 12:54
Nº Rexistro: 65246
Data envío: 27/05/2011 12:54:52.729

Á Mesa do Parlamento


Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as aportacións realizadas polo Xacobeo a diferentes proxectos cinematográficos.

A Xunta de Galiza, durante o ano 2010, aseguraba nunha nota de prensa que o Xacobeo participaba en diferentes proxectos cinematográficos. Literalmente asegurábase que o “Xacobeo 2010 colabora en diferentes proxectos cinematográficos como The Way, dirixida por Emilio Estévez e protagonizada por Martin Sheen, así como a próxima película de Pedro Almodóvar, La piel que habito.”

A fin de dilucidar en que se concreta esta participación, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) En que se concreta a colaboración da Xunta nos proxectos cinematográficos “The way” e “La piel que habito”?
- 2.^a) Destinou o Xacobeo recursos orzamentarios durante o ano 2010 a financiar estes proxectos? En caso afirmativo, cal é a cantidade destinada a cada un deles?
- 3.^a) Colaborou o Xacobeo no financiamento doutros proxectos cinematográficos? En caso afirmativo, cales e que cuantía dedicou a cada un deles?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 12:54
Nº Rexistro: 65246
Data envío: 27/05/2011 12:54:52.729

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo


María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/05/2011 12:51:52

Maria do Carme Adán Villamarín na data 27/05/2011 12:51:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:07
Nº Rexistro: 65247
Data envío: 27/05/2011 13:07:57.667


Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa aos recortes de plantilla anunciados pola Xunta para o Centro Público “Santiago Apóstolo” da Coruña.

Despois de que a loita levada a cabo polos traballadores e traballadoras do “Santiago Apóstolo” lograse que a Xunta desistise do propósito de privatizalo, o pasado 13 de maio a Consellaría de Traballo e Benestar trasladou ao Comité de Empresa que o plantel do complexo debe “amoldarse aos usuarios que haxa”, limitando o acceso ao centro aos que teñan unha discapacidade superior ao 75%.

O que este anuncio quer dicir é que a Xunta quérese desfacer dos educadores, manter a media xornada para fisioterapeutas e coidadores de fin de semana ao tempo que non esclarecen que vai pasar coas prazas agora ocupadas por persoal interino. Xa que logo, a modificación da RPT anunciada pola Xunta vai supor, en realidade, recortar o persoal e precarizar as condicións de traballo dos profesionais do “Santiago Apóstolo”.

Todo indica, como está a denunciar o Comité de Empresa, que a Xunta quer converter o “Santiago Apóstolo” nun almacén de persoas afectadas por grande discapacidade, sen actividades asistenciais ou formativas, e non nun centro aberto a todo tipo de persoas dependentes do mesmo xeito que o Centro de Educación Especial “María Mariño” está aberto a todos os nenos e nenas afectados por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:07
Nº Rexistro: 65247
Data envío: 27/05/2011 13:07:57.667

calquera grao de discapacidade ou dependencia que impeda a súa escolarización en centros ordinarios.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

Por que razón teima a Xunta en recortar o plantel e precarizar as condicións de traballo dos profesionais do centro “Santiago Apóstolo” da Coruña?

Por que se limita o acceso ao mesmo a persoas cunha discapacidade superior ao 75% e non ás afectadas por calquera grao de discapacidade ou dependencia?

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/05/2011 13:03:19

Ana Luisa Bouza Santiago na data 27/05/2011 13:03:23



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ismael Rego González e Mar Barcón Sánchez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Consello da Xunta celebrado o pasado día 26 de maio aprobou definitivamente o chamado Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas, saneamento e abastecemento na rede viaria no concello de Barreiros.

Desde o Goberno galego defendeuse este plan como o instrumento máis adecuado para dotar o solo dos núcleos urbanos das infraestruturas que o fagan apto a curto prazo para servir de soporte da edificación residencial proxectada.

Na argumentación realizada pola Xunta non se di nada sobre o impacto do dito plan sectorial, sobre as inmoables e urbanizacións construídas que carecen de todo tipo de servizos, algo que non deixa de ser sorprendente, xa que deixaría sen resolver un dos principais problemas existentes a día de hoxe en canto ao cumprimento da lexislación urbanística vixente.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal é a situación urbanística na que queda o concello de Barreiros despois da aprobación por parte do Consello da Xunta do chamado Plan sectorial de carácter supramunicipal?

2.^a) Cal é a achega dos promotores aos 14,1 millóns de euros previstos para investir en infraestruturas con cargo ao convenio urbanístico asinado?

3.^a) Cale é a xuízo do Goberno galego o impacto do Plan sectorial aprobado sobre a adaptación á legalidade urbanística dos edificios, urbanizacións e licenzas concedidas?



 Grupo Parlamentario

4.^a) Que valoración fai o Goberno galego das causas e argumentacións da Fiscalía na súa denuncia contra o outorgamento, por parte do concello de Barreiros, de 44 licenzas para a construción de máis de 3.000 vivendas?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) É un dos obxectivos do Plan sectorial e o convenio urbanístico intentar corrixir, en todo ou en parte, as causas que sustentan a dita denuncia da Fiscalía?

6.^a) Cal é a razón pola que o Goberno galego se nega a remitir a este Parlamento os informes da intervención xeral da Comunidade Autónoma e da Asesoría Xurídica da Xunta sobre o dito plan e o convenio asinado, reiteradamente solicitados a través das canles regulamentarias previstas?

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2011

Asdo: Ismael Rego González
Mar Barcón Sánchez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ismael Rego González na data 27/05/2011 12:57:41

María del Mar Barcón Sánchez na data 27/05/2011 12:58:10



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:23
Nº Rexistro: 65256
Data envío: 27/05/2011 13:23:07.072

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á venda dos dous helicópteros de salvamento marítimo da Xunta de Galiza a unha empresa privada.

O Consello da Xunta de Galiza, na súa reunión do 26 de maio de 2011, aprobou a venda dos dous helicópteros de salvamento marítimo (“Pesca I” en Vigo e “Pesca II” en Celeiro) á empresa privada UTE INAER Helicópteros Off Shore, SS./Hispacopter, S.L., cunha cómoda fórmula de pagamento diferido, ao longo de cinco anos.

Resulta indignante, escandaloso e irresponsábel que o Goberno do Partido Popular opte por privatizar os medios aéreos dun servizo tan esencial como o do salvamento marítimo, que ten como cometido nada menos que a salvagarda da vida humana no mar, que pasa a ter a consideración non de servizo público, senón de negocio privado.

Pérdese así o imprescindible control público sobre este servizo, precarizándoo, debilitándoo e restándolle operatividade. Elimina calquera marxe de manobra da administración pública galega que pasa a estar absolutamente supeditada á empresa privada que agora é propietaria dos helicópteros. Empresa, por certo, denunciada e con expedientes abertos polo incumprimento das obrigas recollidas nas cláusulas do contrato.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:23
Nº Rexistro: 65256
Data envío: 27/05/2011 13:23:07.072

E é precisamente esta empresa, responsábel dos problemas que mancaron a operatividade destes helicópteros (mesmo substituíndoos en ocasións por outros de inferiores prestacións), a gran beneficiada por este negocio. Velaí o grande traballo do Goberno do Partido Popular.

Pois efectivamente trátase dun negocio redondo para esta empresa. Estes dous helicópteros, que entraron en servizo no ano 2005 (daquela aínda novos), significaron un desembolso de 26'9 millóns de euros para as arcas públicas galegas, vendéndose agora xustamente pola metade: 13'5 millóns de euros. Iso si, non en pagamento efectivo, senón en forma de descontos anuais de 2'7 millóns de euros. O Goberno do PP favorece negocios privados sacrificando a operatividade dun servizo público fulcral para o noso país.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Non considera a Consellaría do Mar que esta decisión precarizará e degradará as condicións de salvamento marítimo na Galiza?

2.^a) Ten previsto reconsiderar esta decisión e evitar a venda barata de dous helicópteros públicos a unha empresa privada que realizará un extraordinario negocio con esta transacción?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:23
Nº Rexistro: 65256
Data envío: 27/05/2011 13:23:07.072

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/05/2011 13:13:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:45
Nº Rexistro: 65257
Data envío: 27/05/2011 13:45:44.311

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ao afundimento do pesqueiro de Malpica “Nuevo Luz”.

Nova traxedia na pesca galega. Na mañanciña do 27 de maio, a unhas 8 millas ao oeste da Coruña, nas inmediacións de Punta Langosteira, fundíase o cerqueiro “Nuevo Luz” con porto base en Malpica. Cabe lamentar a morte de dous tripulantes do pesqueiro, mentres outros catro si puideron ser rescatados con vida por outros pesqueiros (“Borrasca Primeiro” e “Ribeira Terceiro”) e pola embarcación de salvamento marítimo “Guardamar Concepción Arenal”.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo.

1. Que informacións posúe a Consellaría do Mar sobre as causas e circunstancias que rodean o sinistro do “Nuevo Luz”?
2. Cal foi a secuencia de actuacións (en horas UTC) desde o momento no que se activa o sinal da radiobaliza do “Nuevo Luz”?
3. Que medidas de salvamento se activaron, e en que momento (hora UTC)?
4. Ten previsto realizar unha investigación para deitar luz sobre o acontecido, así como para evitar que no futuro se produzan situacións similares?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 13:45
Nº Rexistro: 65257
Data envío: 27/05/2011 13:45:44.311

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/05/2011 13:42:10

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Consello da Xunta, na súa reunión do pasado 26 de maio, tomou un acordo polo que se ***“reformula o contrato de operatividade dos helicópteros do Servizo de Gardacostas”***, segundo a nota que se fixo pública ao seu remate.

Segundo a mesma nota, a Xunta aspira a aforrar 2,7 millóns de euros anuais coa “reformulación do contrato de operatividade”, e manifesta que resolveu o actual contrato coa empresa UTE INAER Helicópteros Off Shore, S.S./Hispancopter, S.L., para acadar máis operatividade e eficacia no servizo de salvamento marítimo.

Ate o de agora os helicópteros do Servizo de Gardacostas eran propiedade de todos os galegos, e son unha peza fundamental do dispositivo de salvamento nas nosas costas. A súa adquisición supuxo un desembolso para o erario público galego de uns trinta millóns de euros, e conforman a pedra angular dun servizo de salvamento público de todos os galegos. Hai que lembrar aquí que a adquisición como bens patrimoniais de todos os galegos foi unha decisión do Sr. Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca do último Goberno de D. Manuel Fraga.

Diante da decisión adoptada polo Consello da Xunta do pasado 16 de maio, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Canto nos custaron os dous helicópteros do Servizo de Gardacostas, incluídos intereses e outros gastos financeiros, a todos os galegos?



 Grupo Parlamentario

2.^a) En canto valora a Xunta de Galicia o prezo destes aparellos na “reformulación” do contrato coa empresa concesionaria do servizo?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

3.^a) En que se mellora o servizo de salvamento con esta decisión?

4.^a) Visto que o contrato vixente rematou en abril, vai sacar a Consellaría do Mar un novo concurso para adxudicar o servizo?

5.^a) Se é así, que seguridade ten a Xunta de Galicia de que o servizo sexa adxudicado á mesma empresa?

6.^a) Coa condición de adquirir os dous aparellos, cantas empresas considera que se presentarán ao concurso para a prestación deste servizo?

7.^a) Por que afirma a Sra. conselleira do Mar que se van aforrar 2,7 millóns de euros anuais aplicando esta fórmula?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés

María José Caride Estévez

José Manuel Gallego Lomba

Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 11:14:40

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 11:14:47

José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 11:14:57

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 11:15:00



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 de Pontevedra acaba de anular as eleccións da federación de confrarías de Pontevedra case dous anos despois de que se celebrasen.

A sentenza pon de manifesto, unha vez máis, a utilización perversa que algúns estamentos “representativos” do mundo mar fan da democracia e da cobertura que reciben da propia Consellaría do Mar para levar a cabo as súas prácticas.

A sentenza non só declara nulas as eleccións, senon que lle aplica un severo correctivo á Xunta de Galicia, xa que chega a dicir que *“lo verdaderamente decisivo en este caso es que la consellería permitió, a pesar de su pleno conocimiento en algunos casos y serias sospechas en otros, que el proceso electoral en cuestión se celebrase sin asegurar la correcta actualización e inclusión en el censo en la agrupación oportuna de quienes aparecían como electores elegibles”*.

Diante da situación creada, as deputadas e os deputadosque asinan, preguntan o Goberno galego:

1.^a) Que medidas ten posto en marcha a Sra. conselleira do Mar vista a sentenza á que fai referencia esta iniciativa?

2.^a) Que medidas ten posto en marcha para restituír a legalidade aos órganos de representación da federación de confrarías de Pontevedra?



 Grupo Parlamentario

3.^a) Que responsabilidades se pensan asumir na Consellaría do Mar diante da durísima descualificación que os tribunais acaban de facer da súa interpretación das normas e do concepto de democracia?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 30/05/2011 11:43:21

María José Caride Estévez na data 30/05/2011 11:43:24

José Manuel Gallego Lomba na data 30/05/2011 11:43:36

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/05/2011 11:43:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Pablo Xabier López Vidal, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión** co obxecto de que a Xunta de Galicia faga o pago das expropiacións dos terreos utilizados para a construción do tramo do corredor Martelo - Noia.

Hai máis dun ano que os veciños e veciñas de Noia e Lousame están agardando para recibir as indemnizacións correspondentes ás expropiacións forzosas dos terreos polos que discorre o corredor que une Santiago de Compostela con Noia.

A maior parte dos pagos destas expropiacións están sen realizarse, levando unha demora significativa que está causando preocupación entre os veciños afectados.

A austeridade non pode confundirse co incumprimento das obrigas legais que ten contraído o Goberno galego, e que poden traer consigo o pago de cuantiosos intereses a conta das arcas autonómicas no caso de non efectuar os pagos seguindo o mercado na lei.

Cabe recordar que o Sr. presidente da Xunta de Galicia ten presumido ao longo dos últimos meses de efectuar os pagos a provedores en menos de 45 días, polo que non estaría de máis que as palabras foran acompañadas de feitos, como no caso das expropiacións pendentes de pagar en Noia e Lousame.

Os veciños afectados demandan maior axilidade por parte da Administración autonómica e os pagos pendentes, e os socialistas galegos facémonos eco das súas demandas ao mesmo tempo que lle pedimos ao Goberno galego unha rápida solución a este problema que se arrastra dende fai xa máis de doce meses.



 Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten pensado o Goberno galego proceder ao pago completo das expropiacións dos terreos do corredor Brión – Martelo - Noia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 13:02:13

Pablo Xabier López Vidal na data 30/05/2011 13:02:20



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Vén de entrar en vigor a Lei do Xogo aprobada recentemente nas Cortes Xerais.

Cales son as previsións do Goberno galego para remitir ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei que actualice a vetusta lexislación en materia de xogo vixente na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/05/2011 12:00:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Pablo Xabier López Vidal, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 3.^a**

Unha das principais ferramentas do Goberno galego para reactivar a economía e o emprego é a execución de infraestruturas públicas, que ademais na medida na que melloran a accesibilidade e competitividade da economía, permiten ampliar o mercado e incrementar a nosa presenza no mercado global.

Na actual situación de crise económica, en especial da crise da construción, a contratación pública de estes proxectos permite paliar unha parte do efecto sobre o emprego e a actividade deste sector.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é o volume de licitación de obra pública da Xunta de Galicia durante os primeiros meses de 2011?
- 2.^a) Que evolución presentan estes datos respecto aos tres anos anteriores?
- 3.^a) Que previsión de licitación ten a Xunta para o exercicio 2011?
- 4.^a) Que incidencia ten sobre o emprego e a actividade económica a contratación de obra pública da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Pablo Xabier López Vidal
Ismael Rego González
Carmen Acuña do Campo
Manuel Gallego Lomba
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/05/2011 13:39:23

Pablo Xabier López Vidal na data 31/05/2011 13:39:34

Ismael Rego González na data 31/05/2011 13:39:39

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/05/2011 13:39:49

José Manuel Gallego Lomba na data 31/05/2011 13:39:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Carmen Acuña do Campo, Ismael Rego González, e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 3.^a**

No debate sobre o Estado da Comunidade Autónoma de Galicia, celebrado no ano 2010, o Parlamento galego aprobou por unanimidade unha resolución do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia co seguinte texto:

“47^a. Resolución

Na loita contra a crise económica e os seus efectos e para facilitar liquidez ás empresas e particulares ante a actual conxuntura de crise económica, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Establecer un compromiso de pago máximo de 30 días para as facturas emitidas a partir de agora, para os pagos da Administración autonómica, que deberá ser acadado, a través dun calendario de aplicación progresiva, en marzo de 2011.

(Proposta de resolución núm. 3, apartado 5, do G.P. dos Socialistas de Galicia).”

Transcorrido o prazo ao que fai referencia dita resolución, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas

1.^a) Cal é o prazo medio de pago da Xunta de Galicia a 31 de marzo de 2011?

2.^a) Cal é o prazo medio de pago do SERGAS?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Carmen Acuña do Campo

Ismael Rego González

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/05/2011 13:38:56

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/05/2011 13:39:00

Ismael Rego González na data 31/05/2011 13:39:05

José Manuel Gallego Lomba na data 31/05/2011 13:39:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 3.^a**

O goberno da Xunta de Galicia vén anunciando dende o inicio desta lexislatura o seu compromiso coa austeridade e a redución de gastos de publicidade. Sen embargo, todos os galegos e galegas podemos observar a presenza das campañas da Xunta nos medios de comunicación, informando do magnífica que é a nosa sanidade, do barata que nos vai saír a auga coa aplicación da lei que aprobou este Goberno, do solidario e universal que é o novo sistema de beneficencia na concesión de libros gratis, do ben que funciona o acceso electrónico a Xunta, da defensa do galego que fai o Goberno galego ou de que xa todos os nenos galegos falan inglés á perfección.

Esta proliferación de campañas, todas elas caracterizadas pola súa obxectividade e por ser imprescindibles para dar información vital aos usuarios, chama a atención cando o mesmo tempo se anuncian recortes en estes gastos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o motivo do incremento en 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Ismael Rego González

Carmen Acuña do Campo

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 31/05/2011 13:37:49

Ismael Rego González na data 31/05/2011 13:37:54

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/05/2011 13:38:06

José Manuel Gallego Lomba na data 31/05/2011 13:38:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Carmen Acuña do Campo e Manuel Gallego Lomba, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 3.^a**

O Goberno da Xunta de Galicia vén anunciando dende o inicio desta lexislatura o seu compromiso coa austeridade e a redución de gastos de publicidade. Sen embargo, todos os galegos e galegas podemos observar a presenza das campañas da Xunta nos medios de comunicación, informando do magnífica que é a nosa sanidade, do barata que nos vai saír a auga coa aplicación da lei que aprobou este Goberno, do solidario e universal que é o novo sistema de beneficencia na concesión de libros gratis, do ben que funciona o acceso electrónico a Xunta, da defensa do galego que fai o Goberno galego ou de que xa todos os nenos galegos falan inglés á perfección.

Esta proliferación de campañas, todas elas caracterizadas pola súa obxectividade e por ser imprescindibles para dar información vital aos usuarios, chama a atención cando o mesmo tempo se anuncian recortes en estes gastos.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o motivo do incremento en 2011 do gasto en publicidade da Consellería de Facenda?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Ismael Rego González

Carmen Acuña do Campo

Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:


María José Caride Estévez na data 31/05/2011 13:37:07

Ismael Rego González na data 31/05/2011 13:37:12

María del Carmen Acuña do Campo na data 31/05/2011 13:37:20

José Manuel Gallego Lomba na data 31/05/2011 13:37:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65325
Data envío: 31/05/2011 16:32:51.514

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á privatización da xestión de 11 centros de día, unha vivenda comunitaria e un fogar residencial e as condicións en que este se produce.

A meio de senllas resolucións publicadas no DOG os pasados 19 e 21 de maio, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (doravante, CGSIB) anuncia a licitación da xestión de dous lotes de centros de día, vivendas comunitarias e fogar residencial, por un importe global de 6 M€.

Dunha banda licítase a xestión conxunta do fogar residencial e centro de día da Laracha e a dos Centros de Día de Carballo, Eirís e Montealto na Coruña e Muros, cun orzamento de licitación de 3,2 M€. Da outra privatizarase a xestión dos Centros de Día de Ares, Oleiros, As Pontes, Caranza e Esteiro en Ferrol e a Vivenda Comunitaria de Alfoz, cun orzamento de licitación de 2,8 M€. Os documentos contratuais xustifican a privatización nunha suposta “mellor calidade, eficiencia e eficacia na xestión” obviando os maiores custos e a degradación do servizo que trae consigo a xestión privada ao tempo que motiva a licitación conxunta na conveniencia de agrupar concellos que configuran “unha área territorial de influencia común”, deixando sen explicar porque o Centro de Día de Oleiros no canto de ir no lote cos da Coruña vai ser xestionado conxuntamente cos de Alfoz, Ferrol, As Pontes ou A Lourenzá. Todo indica que a licitación conxunta ten como fin excluír do concurso ás pequenas empresas locais en beneficio das grandes empresas españolas de xestión de servizos sociais, ás que a Xunta do PP xa ten concedido centros como, por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65325
Data envío: 31/05/2011 16:32:51.514

exemplo, o Souto de Leixa en Ferrol.

Mais non rematan aquí as sorpresas por canto da análise dos pregos contratuais tíranse tamén outras conclusións interesantes:


- Que apenas se licita a metade das prazas coas que contan estes centros.

O CD da Laracha conta con 40 prazas, mais só se sacan a licitación 20. O de Carballo conta tamén con 40, mais só se licitan 23. Os de Eirís e Montealto na Coruña contan, cada un, con 80 prazas mais só se licitan a metade. No de Muros, con 45 prazas, só se sacan a concurso 23. No de Ares, con 40, só se licitan 20. No de Caranza, con 80 prazas, apenas 41. No de Esteiro, con 30 prazas, só se licitan 15 o mesmo que no das Pontes e o da Lourenzá, malia contar este último con 40 prazas. No das Galeras, en Oleiros, con 80 prazas, só saen a concurso 41. En total, contando os centros que se pretende privatizar cunha capacidade total de 585 prazas a Xunta apenas vai licitar 286.

- Incremento do peso dos criterios de valoración non automática

En contraste con concursos anteriores estas licitacións incrementan extraordinariamente o peso dos criterios de valoración discrecional, non automática, en detrimento da ponderación do prezo e dos criterios sociais. Non se opta, tal e como permite a normativa de contratación, por reservar estes contratos a entidades sen fin de lucro optando abertamente pola mercantilización destes servizos.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65325
Data envío: 31/05/2011 16:32:51.514

Que xustificación ten a Xunta para esta privatización conxunta de 12 centros do CGSIB?

Porque se sacan a licitación apenas a metade das prazas coas que contan estes centros?

Porque non se reservaron estes contratos para entidades do terceiro sector?


Porque nun só lote se agrupan centros de Oleiros, Alfoz e Lourenzá xunto cos da comarca de Ferrol entanto no outro van os da Coruña cos de Muros e Bergantiños?

Porque teima a Xunta en afirmar que a xestión privada conleva “mellor calidade, eficiencia e eficacia na xestión” cando é evidente, á luz da experiencia privatizadora doutros centros do CGSIB, que a xestión privada supón máis gasto, peor servizo e máis precariedade?

Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2011 16:32
Nº Rexistro: 65325
Data envío: 31/05/2011 16:32:51.514

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 31/05/2011 16:22:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 10:53
Nº Rexistro: 65335
Data envío: 01/06/2011 10:53:16.348

Á Mesa do Parlamento


María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O sistema denominado "gratuidade solidaria" do PP substituíu a un sistema de préstamo de libros que tiña a virtualidade de ser económico e ecoloxicamente sostíbel. No anterior sistema a extensa vida dos libros permitía que cun gasto igual ou incluso inferior ao actual todo o alumnado dispuxera de acceso aos libros de textos en igualdade de condicións.

A Consellaría de Educación fala de austeridade para o recorte das axudas para o curso 2011-2012 cando do que debería falar é de redución e eliminación progresiva dun dereito das familias sen que isto supoña aforro para o erario público. Fronte a un programa que contemplaba a reutilización dos libros por diferentes alumnos e alumnas durante catro anos, o actual sistema implica que cada curso a Administración teña que desembolsar da orde de 11 millóns de euros para cubrir escasamente as necesidades do 40% das familias galegas.

Por isto, formúlanse as seguintes preguntas:

1. Cantas familias galegas serán beneficiarias no curso 2011-2012 das axudas para a compra de libros postas en marcha pola Consellaría de Educación?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 10:53
Nº Rexistro: 65335
Data envío: 01/06/2011 10:53:16.348

2. Que previsión de sustentabilidade do sistema denominado "gratuidade solidaria" ten o Goberno galego para os próximos anos?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2011

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 01/06/2011 10:47:08



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal e Ricardo Varela Sánchez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Que valoración merece do máximo responsable da Compañía da Radio Televisión Pública de Galicia o tratamento informativo dispensado nos telexornais da Televisión Pública de Galicia a denominada “Operación Campeón”, na que están imputados dous altos cargos do máis importante ente de dereito público en materia económica da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Ricardo Varela Sánchez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/06/2011 11:24:15

Ricardo Varela Sánchez na data 01/06/2011 11:24:22



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal e Ricardo Varela Sánchez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

No informativo mediodía da televisión pública de Galicia se recollen unhas declaracións e valoracións dun deputado do Partido Popular, nas que logo dunha disertación, demanda a dimisión do actual Ministro de Fomento.

En relación coa elaboración desta información por parte dos servizos informativos da canle pública, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como se materializou a gravación da mesma?
2. O Telexornal da televisión pública de Galicia faise á carta segundo os caprichos e querenzas do Partido do Goberno?
3. Considera o director xeral da Compañía vulnerados os principios contidos na Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía da Radio - Televisión de Galicia e Modificación da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio - Televisión de Galicia (Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo); nomeadamente os referidos a veracidade e imparcialidade das informacións?
4. En que momento do informativo se produce ou se recolle a contestación ou contradición desta información en aras ao respecto ao pluralismo político, establecido na normativa de creación deste ente público?

Pazo do Parlamento, 1 de xuño de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Ricardo Varela Sánchez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/06/2011 11:25:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Varela Sánchez na data 01/06/2011 11:25:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 12:25
Nº Rexistro: 65347
Data envío: 01/06/2011 12:25:39.054

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á situación do servizo público de transporte sanitario na Costa da Morte.

Segundo a empresa está a comunicar aos usuarios do servizo, a concesionaria do transporte sanitario asistencial na Costa da Morte (desde Fisterra á Laracha), Ambugallegas S.L., vai deixar de prestar o servizo apartir do día 7 de xuño. Ao parecer a empresa tería xa comunicado á Xunta a súa renuncia a continuar cun servizo que utilizan milleiros de pacientes da Costa da Morte, especialmente persoas maiores, para se desprazar aos hospitais e centros de saúde.

Postos en contacto co SERGAS este indícalles aos usuarios que apartir da semana que vén poden utilizar taxis para este transporte sanitario, que xa se lles reintegrará o custo da viaxe. Mais alén da falta de adecuación dos taxis para a realización dun transporte que é sanitario, esta alternativa non serve para moitas persoas maiores que viven soas e para as que é indispensábel a intervención dos profesionais sanitarios que atenden o servizo de ambulancias.

Dado que non é a primeira vez que estes deputados se interesan polos problemas do transporte sanitario na Costa da Morte, fórmulanse as seguintes cuestións:

Que vai facer a Xunta para asegurar a prestación regular do servizo público de transporte sanitario na Costa da Morte?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2011 12:25
Nº Rexistro: 65347
Data envío: 01/06/2011 12:25:39.054

Considera a Xunta que a alternativa dos taxis e reintegro posterior é a máis adecuada para trasladar aos pacientes desde o seu domicilio aos centros sanitarios onde reciben tratamento?

Porque razón renuncia Ambugallegas S.L. a seguir prestando o servizo?

Santiago de Compostela, a 1 de xuño de 2011

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/06/2011 12:22:00

Ana Luisa Bouza Santiago na data 01/06/2011 12:22:05

Á Mesa do Parlamento

Emma Álvarez Chao, Isabel García Pacín e Rosa Oubiña Solla deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, para a súa tramitación polo procedemento de **Urxencia**, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Xustificación da Urgencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta de Galicia de resposta a esta cuestión a menos dun mes de que se inicie a época de perigo alto de incendios publicada no DOG do pasado 27 de maio.

O pasado 27 de maio o Diario Oficial de Galicia (DOGA) publicou unha Orde da Consellería do Medio Rural pola que se determina a época de perigo alto de incendios. Mediante esta norma, para este ano 2011 declárase o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro como de perigo alto de lumes forestais.

Ao mesmo tempo, a Orde faculta tamén ao Director Xeral de Montes, para dictar cantas instrucións sexan precisas para modificar estas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Ao día seguinte o Conselleiro do Medio Rural e o Director Xeral de Montes daban a coñecer aos medios de comunicación o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para o 2011 antes de ser avaliado polo Consello Forestal, e antes de ser sometido ao Consello da Xunta.

Segundo trascendeu aos medios de comunicación, hai notables mellorías descritas no PLADIGA 2011 en relación ao PLADIGA anterior, tanto no referente aos medios materiais como na introducción dun novo aditivo que mellora sensiblemente a eficacia da auga na loita contra os incendios.

Ante a importancia e transcendencia destes feitos consideramos oportuno saber a resposta da Xunta de Galicia no que a esto se refire, polo que as deputadas asinantes, formulan as seguintes cuestións:

- 1.- ¿Cales son as novidades máis notables do PLADIGA 2011 en relación ao PLADIGA vixente a día de hoxe, o PLADIGA 2010?
- 2.- ¿Cal é o dispositivo humano e material co que conta o PLADIGA 2011?
- 3.- ¿Cales son os obxectivos do PLADIGA 2011?
- 4.- ¿En que consisten as melloras incorporadas para determinar a localización e os perímetros afectados polo lume?
- 5.- ¿Qué resultados se pretenden acadar coa utilización dun novo aditivo engadido a auga na extinción de incendios?
- 6.- ¿De que aditivo se trata?
- 7.- ¿Utilizouse antes este aditivo na extinción de incendios en Galicia?

8.- ¿Coa utilización deste aditivo esperase que varíe o consumo de auga na extinción?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Maria Emma Álvarez Chao na data 31/05/2011 13:25:11

Maria Isabel García Pacín na data 31/05/2011 13:25:21

Rosa Oubiña Solla na data 31/05/2011 13:25:31

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727